



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL

Centro Público Integrado

CASTRO BAXOI



MIÑO

**CPI CASTRO BAXOI**

As Marismas 25 — 15630 MIÑO

tfno.: 881 880 765

web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/cpicastrobaxoi/>

email: [cpi.castro.baxoi@edu.xunta.gal](mailto:cpi.castro.baxoi@edu.xunta.gal)



FONDO  
SOCIAL  
EUROPEO

**PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA**  
**do**  
**DEPARTAMENTO DE FRANCÉS**  
**do**  
**CPI CASTRO BAXOI**  
**CURSO 2022 -2023**

**Segunda Lingua Estranxeira - Francés**

## ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.....	3
2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.....	6
3. OBXECTIVOS DO CURSO.....	9
4. TEMPORALIZACIÓN, MÍNIMOS EXIXIBLES E PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.....	16
5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA.....	28
6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE VAN UTILIZAR.....	30
7. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.....	31
8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO DA PRÁCTICA DOCENTE.....	34
9. PLAN DE PENDENTES.....	38
10. DISEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL.....	39
11. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	40
12. ELEMENTOS TRANSVERSAIS.....	41
13. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES E PARTICIPACIÓN NOS DIFERENTES PLANS E ACTIVIDADES DO CENTRO.....	44
14. MECANISMOS DE REVISIÓN E AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN.....	46
15 ANEXOS.....	50

## RÚBRICAS

## CADROS LOMCE

## REFERENCIAS LEGAIS

## 1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.

### DESCRIPCIÓN E ANÁLISE DA CONTORNA ENTORNO FÍSICO

O noso Centro Escolar está situado no núcleo urbano de Miño, preto dun entorno natural moi rico e singular, as marismas do río Baxoi, e moi cerca das praias da Ribeira e da Praia Grande de Miño. Recibe alumnado dos concellos de Miño e Vilarmaior, que forman parte do Conxunto do Eume, xunto cos concellos de Cabanas, Monfero e Pontedeume dentro da bisbarra natural que forma o Golfo Ártabro.

Miño, situado na costa, evoluciona de maneira positiva no seu crecemento, experimentando pequenos altos e baixos en relación coa conxuntura do momento (crise económica, emigración, etc.). Na actualidade funciona como núcleo de veraneo para o Conxunto Ártabro, igual que outros da zona. En cambio Vilarmaior, situado no interior, sofre reducións moi drásticas no número de habitantes, a partir dos anos 40, como consecuencia dos desprazamentos da poboación na busca de mellores oportunidades e dun aumento do nivel de vida. É un concello menor polo seu escaso peso demográfico.

### CONCELLO DE MIÑO

#### ASPECTOS FÍSICOS

Miño está situado na desembocadura da Ría de Betanzos. Limita ó Norte co concello de Pontedeume, ó sur cos concellos de Paderne e Irixoa, ó leste co de Vilarmaior e ó oeste coa citada ría.

Cunha extensión de 34 km<sup>2</sup> ten unha densidade de poboación de 187 hab./km<sup>2</sup> e un crecemento vexetativo negativo de -6 (datos dos anos 2018 e 2017, respectivamente).

Está atravesado pola variante da N-VI Betanzos-Ferrol, pola autoestrada A-9 e pola liña de ferrocarril Betanzos-Ferrol.

Pertence á bisbarra das Mariñas. Baña a ría de Ares e Betanzos que lle proporcionan un clima suave aínda nas zonas situadas máis lonxe da costa.

Está distribuído territorialmente en oito parroquias: Bemantes, Callobre, Carantoña, Castro, Leiro, Miño, Perbes e S. Xoan de Vilanova.

O relevo é irregular e de pouca altura, a costa é recortada. Na desembocadura do Lambre na Ponte do Porco hai unha pequena ría que forma a praia da Alameda, a continuación da praia Grande. Logo,

a costa é rochosa con calas areosas como Andaio e S. Pedro de Perbes. En fronte, unhas pequenas illas.

Os ríos máis importantes son o Lambre e o Baxoi, de pouco caudal pero fermosos; cruzados por dúas pontes famosas construídas polos Andrade. Unha deu fama ó lugar de Ponte do Porco, aínda que a primitiva atópase 1 km. máis arriba e hoxe chámase Ponte Lambre, de estilo oxival cun só arco. A outra cruza o Baxoi cerca da desviación que sae cara a Bañobre, o carón da desviación Betanzos-Ferrol da estrada nacional VI. Esta desemboca nunha zona pantanosa, as marismas.

O clima, de tipo oceánico húmido caracterízase polas suaves temperaturas e choivas abundantes. A temperatura media oscila entre os 13 e os 14° C. As precipitacións son de entre 900 e 1000 mm anuais, repartidas ó longo de todo o ano cun máximo en outono e inverno e un mínimo no verán.

Os montes son de pouca altura, o solo é de tipo cambisol ou terra parda, característicos da Galicia do Norte, de baixa fertilidade e un aproveitamento forestal -algún día con vexetación autóctona de carballos, hoxe substituídos de piñeiros e eucaliptos - e gandeiro, case exclusivo.

### **ASPECTOS SOCIOECONÓMICOS**

A economía era, tradicionalmente, de carácter agrario, gandeiro e forestal. Estas actividades económicas foron perdendo paulatinamente importancia en favor do sector servizos: turismo, sobre todo, e comercio.

Hoxe en día Miño conta con 63 afiliacións en alta laboral ao sector Gandeiro e pesqueiro. A industria forestal conta con 1200 ha. dedicadas a monte para a produción de madeira, o que significa o 36 % da superficie total do municipio. Outros sectores como o pesqueiro carecen de relevancia no conxunto da economía local. A actividade industrial non é moi importante. Dedicáanse á actividade industrial e á construción arredor dun 25% da poboación.

Miño conta cun número importante de empresas (487), en relación á poboación, pero a maioría son empresarios autónomos (352). Só 7 empresas contan con máis de 10 asalariados, e 2 contan con máis de 20.

Un aspecto a ter en conta é a crecente importancia da zona como centro de veraneo, o que ocasiona un aumento importante de poboación flotante no período estival, un notable desenvolvemento de complexos hostaleiros e zonas residenciais que lle imprimen un carácter urbano ó municipio.

O paro rexistrado, preto do 10%, vincúlase, sobre todo, ao sector servizos.

## O CENTRO ESCOLAR

Foi construído en dúas fases, a primeira -dedicada practicamente en toda a súa totalidade a Educación Primaria- foi inaugurada no curso 1995-96, e a segunda, dedicada a ESO no 1999-2000. Está situado no lugar de Telle e a súa construción é moderna e pouco funcional.

Na actualidade dispón de 6 aulas dedicadas a Educación Infantil, 13 a Educación Primaria, 10 a Educación Secundaria, 3 para as docentes de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe, 1 de Música, 1 de Informática, e ademais dispoñemos da Biblioteca, o Laboratorio, o Ximnasio e o espazo do comedor. A biblioteca vaise empregar en parte do horario como aula de desdobre. O resto de espazos son para os departamentos didácticos, a parte de Dirección, a sala de profesores e a sala COVID. Ao longo deste curso recuperaremos o espazo que está a ser empregado como comedor pois estase a levar a cabo a adaptación dun novo espazo para usalo como comedor.

O alumnado procede dos concellos de Miño e de Vilarmaior (das parroquias de Vilamateo, Güimil, O Tres e Torres). Na área de influencia deste Centro hai dous CEIP incompletos nos que se escolarizan alumnos de Educación Infantil e Primaria, os de Bemantes no Concello de Miño e o de Torres no de Vilarmaior. Os alumnos destes centros pasan a ser alumnos deste CPI no momento no que rematan o 1º Ciclo de Educación Primaria. O CPI Castro Baxoi está integrado na zona educativa de Betanzos e escolariza alumnos de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria.

Dentro da área á que corresponde o centro, atópase o Centro Fogar María Inmaculada de Bañobre do cal recibimos estudantes de diferentes idades e en diferentes momentos do curso escolar dado o movemento que hai neste tipo de centros

**COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO DE FRANCÉS.** No presente curso escolar 2022-2023 forman o departamento didáctico de Francés do CPI CASTRO BAXOI está formado por Beatriz Rodríguez Payo (Xefa de Departamento)

### **GRUPOS DE ALUMNOS DE FRANCÉS, 2ª LINGUA ESTRANXEIRA. CURSO 2022-2023**

NIVEIS-	1º ESO	2º ESO	3º ESO	4º ESO
Francés-2ª				
Lingua Estranxeira				

<b>GRUPOS</b>	2	2	1	1
<b>SESIÓNS</b>	2	2	3	3
<b>Total horas do Departamento de Francés</b>	<b>14</b>			

O horario complétase con 3 horas de Inglés en 1º da ESO, 1 hora de Afondamento en 2 da ESO, unha hora de Titoría de 1ºESO-A e 1 garda de clase, 2 gardas de recreo, 1 hora de Xefatura de Departamento e 1 hora de Atención a Pais.

## 2. **CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE AS COMPETENCIAS CLAVE**

No noso sistema educativo considérase que as competencias básicas que debe ter o alumno cando finaliza a súa escolaridade obrigatoria son as seguintes:

- Competencia en comunicación lingüística.
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
- Competencia dixital.
- Competencias sociais e cívicas.
- Conciencia e expresións culturais.
- Competencia para aprender a aprender.
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.

Non todas as competencias citadas anteriormente teñen a súa presenza no currículo desta materia: si que a teñen, sobre todo, a competencia en comunicación lingüística, a competencia en aprender a aprender, a competencia dixital, a conciencia e expresións culturais e as competencias sociais e cívicas, sen descartar que as demais tamén poidan ser traballadas nalgún momento do curso (a de sentido de iniciativa e espírito emprendedor, especialmente).

**De que forma se logran cada unha das competencias básicas desde esta materia?** Imos expoñer sucintamente os aspectos máis relevantes.

### **Competencia en comunicación lingüística**

Esta competencia é a de maior relevancia que pode adquirirse nesta materia, xa que todos os seus contidos están orientados á adquisición dos coñecementos, destrezas e actitudes propios das habilidades comunicativas (orais e escritas), aspectos todos eles que se aplicarán para adquirir coñecementos noutras áreas e que son adquiridos noutras materias do currículo (Lingua castelá e

Literatura, Lingua e literatura galega e Primeira Lingua Estranxeira, principalmente, por ter códigos comúns).

### **Competencia en aprender a aprender**

Aprender a aprender supón dispor de habilidades para iniciarse na aprendizaxe e ser capaz de continuar aprendendo de maneira cada vez máis eficaz e autónoma, de acordo aos propios obxectivos e necesidades.

Aprender a aprender implica a conciencia, xestión e control das propias capacidades e coñecementos desde un sentimento de competencia ou eficacia persoal, e inclúe tanto o pensamento estratéxico como a capacidade de cooperar, de se autoavaliar, e o manexo eficiente dun conxunto de recursos e técnicas de traballo intelectual. Todo iso desenvólvese, a través de experiencias de aprendizaxe conscientes e gratificantes, tanto individuais coma colectivas.

### **Competencias sociais e cívicas**

O uso da lingua como instrumento de comunicación axudará a que o alumno desenvolva as competencias sociais e cívicas, en canto que lle permitirá poñer en práctica habilidades sociais como a convivencia, o respecto, a tolerancia, etc., froito do seu contacto con realidades diferentes da propia (a francesa neste caso), non en van a comunicación é un acto eminentemente social mediante o que transmitimos pensamentos, emocións... Aínda que unha das finalidades esenciais desta materia é que o alumno aprenda a lingua francesa, tamén o é que coñeza e comprenda a cultura, as institucións, a forma de vida da francofonía, etc., o que converte a lingua nun sistema de comunicación e de coñecemento que lle permite adquirir unha visión plural doutras realidades.

### **Competencia dixital**

O coñecemento da lingua francesa amplía a posibilidade, grazas ao emprego das tecnoloxías da información e a comunicación, de obter información nesta lingua e sobre esta lingua. Ademais, estas mesmas tecnoloxías facilitan a comunicación interpersoal, en tempo real, con mozos franceses, o que redunda positivamente no coñecemento e emprego da mesma lingua (competencia en comunicación lingüística).

Na clase utilizaremos ferramentas informáticas para facer presentacións, vídeos, videoconferencias, Edixgal, etc., ademais de utilizar internet como fonte de recursos de todo tipo, xa que é unha ventá directa ás sociedades e culturas francófonas.

## Conciencia e expresións culturais

Esta competencia adquirese, fundamentalmente, cando se achega o alumno ás manifestacións culturais dos países de lingua francesa e ás creacións artísticas, literarias, etc., de autores francófonos.

## Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

O uso da lingua en contextos determinados fai que o alumno se enfrente a diversas situacións nas que debe analizar e resolver problemas relacionados coas destrezas comunicativas e as habilidades sociais, o que redonda na súa capacidade para actuar reflexiva e autonomamente, con iniciativa e planificación, en grupo...

Anteriormente indicabamos cales son as competencias básicas que recolle o noso sistema educativo, competencias que pola súa propia formulación son, inevitablemente, moi xenéricas. Se queremos que sirvan como referente para a acción educativa e para demostrar a competencia real do alumno, debemos concretalas moito máis, desagregalas, sempre en relación cos demais elementos do currículo. É o que chamamos *subcompetencias*, e que sen pretender chegar a abarcar todas as posibles, si recollen aquelas que maior relación teñen co currículo da materia e maior presenza en todas as materias polo seu carácter interdisciplinar.

Nesta materia, estas *subcompetencias* son as seguintes:

### Comunicación lingüística

- Desenvolver habilidades comunicativas para interactuar de xeito competente nas diferentes esferas da actividade social.
- Ser quen de escoitar, falar e conversar en francés.
- Ser quen de expresarse en francés, oralmente e por escrito, utilizando as convencións e a linguaxe apropiados a cada situación.
- Saber ler textos en francés e deste xeito ampliar coñecementos e favorecer o acceso a diversas fontes de información, comunicación e aprendizaxe.
- Interpretar diferentes tipos de discursos en contextos e con funcións diversas.
- Recoñecer e aprender as regras de funcionamento do francés a partir das linguas que xa se coñecen.

### Competencia dixital



- Acceder a todo tipo de información que se poida atopar en francés.
- Empregar o francés para comunicarse con outras persoas a través do correo electrónico, en videoconferencias...
- Utilizar as ferramentas informáticas para elaborar traballos, presentacións, vídeos..

#### Competencias sociais e cívicas

- Utilizar o francés como vehículo de comunicación e transmisión cultural.
- Recoñecer e aceptar, mediante o coñecemento do idioma, as diferenzas culturais e de comportamento.
- Intercambiar información persoal en francés para reforzar a identidade dos interlocutores.
- Aproveitar a interacción que se produce no traballo en equipo para aprender a participar, expresar ideas propias, escoitar as dos outros, desenvolver a habilidade para construír diálogos, tomar decisións valorando as aportacións dos compañeiros e favorecer o feito de aprender de e cos demais.

#### Conciencia e expresións culturais

- Aproximarse mediante o estudo da lingua a outros autores que contribuíron dende distintas áreas à manifestación artística.
- Expressar en francés opinións, gustos e emocións que producen as diversas manifestacións culturais e artísticas.
- Realizar traballos creativos individualmente e en grupo.
- Realizar representacións de simulacións e narracións.

#### Aprender a aprender

- Utilizar a linguaxe para interpretar e representar a realidade, construír coñecementos, formular hipóteses e opinións, expresar e analizar sentimentos e emocións.
- Reflexionar sobre a propia aprendizaxe para identificar como se aprende mellor e que estratexias son máis eficaces.
- Ser consciente da importancia da atención, a concentración, a memoria, a comprensión, etc, para afrontar o reto da aprendizaxe.

### **3. OBXECTIVOS XERAIS PARA A ESO E CONCRECIÓN DE OBXECTIVOS PARA A MATERIA DE FRANCÉS SEGUNDA LINGUA ESTRANXEIRA.**

### 3.1. OBXECTIVOS.

A Educación Secundaria Obrigatoria contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da

literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

**Esta materia non contribúe na mesma medida á consecución de todos eles. Contribúe sobre todo á consecución dos obxectivos i), a), c), d), b), e), g) e j).**

### 3.2. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS NA ESO.

Os obxectivos formulados para ESO na área de segunda lingua estranxeira tradúcense nun currículo básico que, integrando todos os aspectos que conforman a comunicación lingüística, se estrutura en catro bloques correspondentes ás distintas actividades da lingua, tal como estas se describen no MCER: comprensión e produción (expresión e interacción) de textos orais e escritos.

#### **Bloque 1: Comprensión de textos orais.**

1. Identificar o sentido xeral, os puntos principais e a información máis importante en textos orais breves e ben estruturados, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a velocidade lenta, nun rexistro formal, informal ou neutro, e que versen sobre asuntos habituais en situacións cotiás ou sobre aspectos concretos de temas xerais ou do propio campo de interese nos ámbitos persoal, público, e educativo, sempre que as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe e se poida volver escoitar o dito.
2. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis axeitadas para a comprensión do sentido xeral, os puntos principais ou a información máis importante do texto.
3. Coñecer e utilizar para a comprensión do texto os aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos á vida cotiá (hábitos de estudo e de traballo, actividades de ocio), condicións de vida e ámbito, relacións interpersoais (entre homes e mulleres, no centro educativo, no ámbito público), comportamento (xestos, expresións faciais, uso da voz, contacto visual), e convencións sociais (costumes, tradicións).
4. Distinguir a función ou funcións comunicativas máis relevantes do texto (páx. e. unha petición de información, un aviso ou unha suxestión) e un repertorio dos seus expoñentes máis frecuentes, así como patróns discursivos de uso común relativos á organización textual (introdución do tema, cambio temático, e peche textual).
5. Aplicar á comprensión do texto os coñecementos sobre os constituíntes e a organización de patróns sintácticos e discursivos de uso frecuente na comunicación oral, así como os seus significados xerais asociados (páx. e. estrutura interrogativa para facer unha suxestión).
6. Recoñecer léxico oral de uso frecuente relativo a asuntos cotiás e a aspectos concretos de temas xerais ou relacionados cos propios intereses ou estudos, e inferir do contexto e do contexto, con apoio visual, os significados de palabras e expresións que se descoñecen.
7. Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso frecuente, e recoñecer os significados e intencións comunicativas xerais relacionados con estes.

## **Bloque 2: produción de textos orais: expresión e interacción.**

1. Producir textos breves e abondo comprensibles, tanto en conversación cara a cara coma por teléfono ou outros medios técnicos, nun rexistro neutro ou informal, cunha linguaxe moi sinxela, nos que se dá, solicita e intercambia información sobre temas cotiás e asuntos coñecidos ou de

interese persoal e educativo, aínda que se produzan interrupcións ou vacilacións, se fagan necesarias as pausas e a reformulación para organizar o discurso e seleccionar expresións, e o interlocutor teña que solicitar que se lle repita ou reformule o dito.

2. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para producir textos orais monolóxicos ou dialóxicos breves e de estrutura moi simple e clara, utilizando, entre outros, procedementos como a adaptación da mensaxe aos recursos dos que se dispón, ou a reformulación ou explicación de elementos.

3. Incorporar á produción do texto oral monolóxico ou dialóxico os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos a relacións interpersoais, comportamento e convencións sociais, actuando coa suficiente propiedade e respectando as normas de cortesía máis importantes nos contextos respectivos.

4. Levar a cabo as funcións principais demandadas polo propósito comunicativo, utilizando os expoñentes máis frecuentes das devanditas funcións e os patróns discursivos sinxelos de uso máis común para organizar o texto.

5. Mostrar control sobre un repertorio limitado de estruturas sintácticas de uso frecuente e de mecanismos sinxelos de cohesión e coherencia (repetición léxica, elipse, deíxe persoal, espacial e temporal, xustaposición, e conectores e marcadores conversacionais de uso moi frecuente).

6. Coñecer e utilizar un repertorio léxico oral suficiente para comunicar información e opinións breves, sinxelas e concretas, en situacións habituais e cotiás. Pronunciar e entoar de xeito abondo comprensible, aínda que resulte evidente o acento estranxeiro, se cometan erros de pronunciación esporádicos, e os interlocutores teñan que solicitar repeticións ou aclaracións.

7. Manexar frases curtas e fórmulas para desenvolverse de xeito abondo en breves intercambios en situacións habituais e cotiás, aínda que haxa que interromper o discurso para buscar palabras ou articular expresións e para reparar a comunicación. Interactuar de xeito simple en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas ou xestos simples para tomar ou manter a quenda de palabra, aínda que poidan darse desaxustes na adaptación ao interlocutor.

### **Bloque 3: Comprensión de textos escritos.**

1. Identificar a idea xeral, os puntos máis relevantes e información importante en textos, tanto en formato imprimido coma en soporte dixital, breves e ben estruturados escritos nun rexistro neutro ou informal, que traten de asuntos habituais en situacións cotiás, de aspectos concretos de temas de interese persoal ou educativo, e que conteñan estruturas sinxelas e un léxico de uso frecuente.
2. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis axeitadas para a comprensión da idea xeral, os puntos máis relevantes e información importante do texto. Coñecer, e utilizar para a comprensión do texto, os aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos á vida cotiá (hábitos de estudo e de traballo, actividades de ocio, condicións de vida e ámbito, relacións interpersoais (entre homes e mulleres, no centro educativo, no ámbito público), e convencións sociais (costumes, tradicións).
3. Distinguir a función ou funcións comunicativas máis importantes do texto e un repertorio dos seus expoñentes máis frecuentes, así como patróns discursivos sinxelos de uso común relativos á organización textual (introdución do tema, cambio temático, e peche textual).
4. Aplicar á comprensión do texto os constituíntes e a organización de estruturas sintácticas de uso frecuente na comunicación escrita, así como os seus significados xerais asociados (páx. e. estrutura interrogativa para facer unha suxestión).
5. Recoñecer léxico escrito de uso frecuente relativo a asuntos cotiás e a aspectos concretos de temas xerais ou relacionados cos propios intereses ou estudos, e inferir do contexto e do contexto, con apoio visual, os significados de palabras e expresións que se descoñecen.
6. Recoñecer as principais convencións ortográficas, tipográficas e de puntuación, así como abreviaturas e símbolos de uso común (páx. e., %), e os seus significados asociados.

#### **Bloque 4: Producción de textos escritos: expresión e interacción.**

1. Escribir, en papel ou en soporte dixital, textos breves, sinxelos e de estrutura clara sobre temas habituais en situacións cotiás ou do propio interese, nun rexistro neutro ou informal, utilizando recursos básicos de cohesión, as convencións ortográficas básicas e os signos de puntuación máis frecuentes.
2. Coñecer e aplicar estratexias axeitadas para elaborar textos escritos breves e de estrutura simple, páx. e. copiando formatos, fórmulas e modelos convencionais propios de cada tipo de texto.

3. Incorporar á produción do texto escrito os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos a relacións interpersoais, comportamento e convencións sociais, respectando as normas de cortesía e da etiqueta máis importante nos contextos respectivos.
4. Levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, utilizando os expoñentes máis frecuentes das devanditas funcións e os patróns discursivos de uso máis habitual para organizar o texto escrito de xeito sinxelo.
5. Mostrar control sobre un repertorio limitado de estruturas sintácticas de uso frecuente, e empregar para comunicarse mecanismos sinxelos abondo axustados ao contexto e á intención comunicativa (repetición léxica, elipse, deíxe persoal, espacial e temporal, xustaposición, e conectores e marcadores discursivos moi frecuentes).
6. Coñecer e utilizar un repertorio léxico escrito suficiente para comunicar información e breves, simples e directos en situacións habituais e cotiás. Coñecer e aplicar, de xeito abondo para que a mensaxe principal quede clara, os signos de puntuación elementais (páx. e. punto, coma) e as regras ortográficas básicas (páx. e. uso de maiúsculas e minúsculas), así como as convencións ortográficas frecuentes na redacción de textos moi breves en soporte dixital.



## 4. TEMPORALIZACIÓN E MÍNIMOS EXIXIBLES. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

### 4.1. TEMPORALIZACIÓN E MÍNIMOS EXIXIBLES

#### TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS

Os contidos dos catro primeiros bloques traballaranse durante todo o curso. Os contidos do bloque 5 quedan temporalizados por curso e trimestre a continuación

<b>Bloque 1: Comprensión de textos orais</b>	<b>Durante todo o curso</b>
<b>Bloque 2 : Producción de textos orais</b>	<b>Durante todo o curso</b>
<b>Bloque 3 : Comprensión de textos escritos</b>	<b>Durante todo o curso</b>
<b>Bloque 4 : Producción de textos escritos</b>	<b>Durante todo o curso</b>
<b>Bloque 5 : Coñecemento da lingua, e consciencia intercultural e plurilingüe</b>	

### 2º ESO

1º trimestre	<p><b>UNIDADE 0: ON REPREND</b></p> <p>Repaso das formas de presentarse</p> <p>Léxico da vestimenta, das partes do corpo, do material da clase, dos transportes</p> <p>A descripción física</p> <p>Adxectivos calificativos</p> <p>Os membros da familia</p> <p>Adxectivos posesivos</p> <p>Verbos da primeira conxugación, presente</p> <p>Verbos usuais</p> <p>Interrogación: onde?, como?, cando?</p> <p>Números do 0 ao 100</p> <p>Resumo do curso anterior e das aprendizaxes non adquiridas</p>
	<p><b>UNIDADE 1: RETROUVAILLES</b></p> <p>A entoación da afirmación, da exclamación e da interrogación.</p>





*Tu vs Vous*

A presentación ; *c'est e i il/elle est.*

A interrogación

Os verbos pronominais.

A descripción.

Adxectivos masculinos e femininos.

Profesións.

Nacionalidades.

O lugar do adxectivo.

A grafía do son /ñ/ en francés.

Linguaxe estándar e coloquial.

Negación (*plus, rien, jamais...*).

A situación espacial.

Os adxectivos demostrativos.

Os sons do *e*

A rexión *PACA*.

O Festival de Cannes

## **UNIDADE 2: MON UNIVERS À MOI**

Expresión *venir de* + cidade, país

O artigo partitivo

Cantidades determinadas e indeterminadas

Vocabulario para dar unha receta

*Il faut*

Conxugación de *venir*

Vocabulario da casa, piso, andar, partes

Vocabulario dos móbeis, do cotiá

Preguntar un itinerario

Dar un itinrerario



	<p>O imperativo</p> <p>Adverbios de localización</p> <p>A preposición <i>chez</i> e a locución <i>il y a</i></p> <p>O pronome tónico (repaso)</p> <p>Os determinantes posesivos</p> <p>Os plurais irregulares</p> <p>Fonética: <i>a liaison</i></p> <p>Os sons de <i>s, c, ss, ç, z</i></p> <p>O mundo da banda deseñada, léxico e bandas deseñadas franco-belgas</p> <p>Tradicións do Nadal no mundo</p>
<p>2º trimestre</p>	<p><b>UNIDADE 3: TOUS EN FORME</b></p> <p>O presente progresivo</p> <p>Expresións da frecuencia; <i>une fois par semaine, tous les jours, jamais, souvent, etc.</i></p> <p>Indefinidos <i>tout, toute, tous, toutes</i></p> <p>Consellos para estar en forma: <i>Si...</i></p> <p>Unha alimentación equilibrada</p> <p>Verbos <i>devoir e vouloir</i></p> <p>Interrogativo <i>où?</i></p> <p>Hábitos saudables</p> <p>Os comparativos (repaso)</p> <p>O superlativo</p> <p>Valores de <i>mieux, meilleur, pire</i></p> <p>Vocabulario de deportes, alimentación, ocio.</p> <p><i>Avoir l'air de</i></p> <p>As horas (repaso)</p> <p>Os sons [g] et [ʒ]</p> <p>O <i>passé récent</i></p>



O uso do acento circunflexo

A francofonía

A OIF

O francés do Quebec

#### **UNIDADE 4: MES PROJETS**

Preposicións con cidades, países, rexións.

Contraccións de *à*.

Conxugación de *savoir*.

*Futur proche* afirmativo e negativo.

Vocabulario da meteoroloxía.

Climas de Francia.

Presentación dun boletín meteorolóxico.

Expresións *il y a* vs *il fait*.

Futuro simple.

Expresións temporais (*demain, la semaine prochaine*, etc.)

Hipóteses de futuro (*Si-presente-futuro*).

Numerais ata 1000

Expresión de prezos (dar e pedir).

Vocabulario das viaxes (tren, estación, billetes, etc.)

Expresións para dar opinións, argumentar, supor.

Estructura dun correo electrónico para reservar.

Vogais nasais

[v] vs [b]

Heroes e heroínas da animación francesa

A figura histórica de Xoana de Arco

<p>3º trimestre</p>	<p><b>UNIDADE 5 : MÈRE NATURE</b></p> <p>Expresións da proibición e permiso <i>on peut, on ne peut pas, Il est interdit/défendu de...</i></p> <p>Verbo <i>prendre</i></p> <p>O parque de Grande-Synthe.</p> <p>O léxico do sendeirismo.</p> <p>Vocabulario da flora e fauna.</p> <p>Expresión da oposición e restricción (<i>mais, cependant, alors que, en revanche...</i>).</p> <p>Lectura de folleto de actividades nun parque natural.</p> <p>Falar do medio ambiente; consellos e xestos ecolóxicos.</p> <p>Dar consellos con <i>il faudrait e on devrait</i>.</p> <p>Os tres acentos gráficos franceses.</p> <p>Os sons do <i>e</i>.</p> <p>Interrogación con inversión V-S</p> <p>Indicacións en rutas.</p> <p>Sinalización, pictogramas.</p> <p>Expresións de causa, finalidade e consecuencia (<i>parce que, car, comme, alors...</i>).</p> <p>Especies animais en perigo.</p> <p>O parque natural dos Pirineos.</p> <p><b>UNIDADE 6: C'EST ARRIVÉ UN JOUR</b></p> <p>Formación do <i>passé composé</i>, sen concordancias.</p> <p>Participios regulares e máis usados.</p> <p><i>Passé composé</i> en frases negativas.</p> <p>Marcadores temporais (<i>la semaine dernière, l'année dernière, hier, ce matin, maintenant, demain, la semaine prochaine, etc.</i>).</p> <p>Verbos conxugados co auxiliar <i>être</i>.</p> <p>Léxico da saúde e tratamentos.</p> <p>Normas de puntuación do francés.</p>
-------------------------	---



	<p>Pasado, presente e futuro (<i>passé composé, présent progressif, futur proche</i>) e valor futuro do presente.</p> <p>Ordinais (de dúas cifras, máis 100 e 1000).</p> <p>Sons /o/ e /ɔ/.</p> <p>Formas gráficas de /se/.</p> <p>Busca dun correspondente.</p> <p>As partes dunha carta.</p> <p>Fórmulas de cortesía na escrita.</p> <p>Léxico do correo.</p> <p>As cinco cidades máis poboadas de Francia.</p> <p>Obras de arte e arquitectura (descripción, léxico).</p>
--	--

#### 4º ESO

	<p>UNIDADE 0</p> <p>Tempos verbais: presente, passé composé, imperativo, futuro e imperfecto</p> <p>Emocións e sentimentos</p> <p>Resumo do curso anterior e das aprendizaxes non adquiridas</p>
1º trimestre	<p>UNIDADE 1: FOU D'ELLE</p> <p>Passé composé/imparfait</p> <p>Qui/ que/ où/ dont</p> <p>Transportes</p> <p>Vilas e países</p> <p>O tempo e a frecuencia</p> <p>UNIDADE 2 . FAIS PAS CI/ FAIS PAS ÇA</p> <p>Adxectivos demostrativos e pronomes tónicos</p>



	<p>Os pronomes posesivos</p> <p>O discurso indirecto</p> <p>O carácter</p> <p>Expresións con animais</p> <p>As fábulas</p>
2º trimestre	<p>UNIDADE 3 : COLLÈGE ET CIE</p> <p>As diferentes formas de interrogación</p> <p>Adxectivos e pronomes interrogativos</p> <p>La meteo</p> <p>As profesións</p> <p>O medio ambiente</p> <p>Planeta e ecoloxía</p> <p>UNIDADE 4 : TU VIENS DE QUELLE PLANÈTE ?</p> <p>La mise en relief</p> <p>Ne...que</p> <p>O subxuntivo</p> <p>As tarefas do fogar</p> <p>A obriga e a prohibición</p> <p>A vida cotiá</p> <p>A vida dun artista</p>
3º trimestre	<p>UNIDADE 5 : C'EST PAS MON TRUC</p> <p>O pluscuamperfecto</p> <p>A expresión da causa</p> <p>Os pronomes demostrativos</p> <p>Os adxectivos de descrición</p> <p>Maigret et Hercule Poirot</p> <p>UNIDADE 6 : PROJET</p> <p>O condicional</p>



	<p>O subxuntivo</p> <p>As características dos obxectos</p> <p>A psicoloxía</p> <p>Invenccións francesas</p>
--	---

## CONTIDOS MÍNIMOS EN SEGUNDO DA ESO

- Presente de indicativo e imperativo dos verbos: *avoir, être, aller, venir, finir, prendre, faire*, todos os da 1ª conxugación (-er), verbos pronominais.
- Passé composé: recoñecer o tempo e elaborar frases curtas en dito tempo verbal.
- As preposicións e as contraccións cós nomes de países e as tendas.
- Léxico para poder expresarse de forma básica en francés oralmente e por escrito: afeccións, deportes, comida, casa, roupa, tendas e tendeiros, o corpo e as doenzas.

## CONTIDOS MÍNIMOS EN CUARTO DA ESO

- Verbos en presente, imperativo, imperfecto, passé composé (con *avoir* e *être*), futuro, condicional e subxuntivo. En forma afirmativa y negativa. Recoñecer os tempos verbais e construír frases senxelas.
- O COD e o COI.
- Os pronomes Y e EN.
- A comparación (*plus... que, moins... que, ...*).
- Léxico para poder expresarse de forma básica en francés de forma oral e escrita sobre os temas traballados durante o curso.
- Comprender, preguntar e responder a cuestións básicas relacionadas con solicitar e dar información.
- As oracións condicionais.

### ***4.2. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.***

## Procedementos de avaliación

A avaliación levarase a cabo entendida como un proceso continuo, formativo e individualizado do alumno. Todo o proceso de aprendizaxe forma parte da avaliación : no mesmo valoraranse todas as actividades realizadas ao longo do curso, así como a adquisición progresiva das catro destrezas básicas e imprescindibles na clase de lingua : expresión e comprensión oral, expresión e comprensión escrita. Inclúe así mesmo o traballo diario, o interese pola materia e a participación, o rendemento na aula, os traballos realizados na casa e os cadernos persoais.

Dentro destas actividades, e como criterio fundamental de avaliación, teremos en conta o interese e valoración por parte do alumno das situacións comunicativas, así como o respecto, a comprensión e a tolerancia no relativo a unha cultura distinta e ás diferentes formas de entender a realidade.

A avaliación debe axudar aos alumnos a coñecer os seus logros, as súas dificultades e os seus progresos para poder mellorar e avanzar na súa formación. Trátase, en consecuencia, de desenvolver actitudes de responsabilidade nos alumnos, de forma que sexan cada vez máis autónomos na súa aprendizaxe, e de axudar ao profesor á hora de medir os resultados para corrixir o que non resulte adecuado, proporcionándolle datos sobre a súa estratexia docente e poder cambiar o rumbo do seu traballo se é necesario.

A avaliación é un proceso complexo que, para unha maior efectividade, realizaremos en tres etapas:

### **Avaliación inicial**

O obxectivo desta avaliación inicial é coñecer o punto de partida de cada alumno (coñecementos previos, aptitudes, capacidades...) o que nos permitirá posteriormente valorar a súa evolución. Esta avaliación inicial non será sancionadora.

### **Avaliación formativa**

É unha avaliación continuada, que analiza o proceso de aprendizaxe. Este tipo de avaliación caracterízase esencialmente polo seu carácter diagnóstico, progresivo e integral. A función formativa da avaliación mide o progreso realizado por cada alumno desde o seu nivel inicial. É tamén unha fonte de información moi importante para o profesor, xa que poderá axustar en cada



momento o seu ensino ás necesidades suscitadas polos alumnos, sendo todo iso fundamental para unha adecuada atención á diversidade.

### **A avaliación sumativa**

Finalmente, a función sumativa da avaliación comproba a competencia comunicativa do alumno con respecto aos obxectivos establecidos, o que se traduce en cualificacións. Será emitida ao final de cada trimestre, tendo en conta a avaliación continuada desenvolvida ao longo do proceso.

### **Instrumentos de avaliación**

Os instrumentos de avaliación serán os seguintes:

- Probas de comprensión escrita: Estas probas estarán constituídas por exercicios que poderán ser dos seguintes tipos:
  - Contestar preguntas de resposta breve sobre un texto e ordenar parágrafos, frases ou intervencións de textos ou diálogos.
  - Discriminar afirmacións identificando as verdadeiras e as falsas con respecto a un texto. Contestar preguntas de opción múltiple.
  - Emparellar textos con imaxes, con enunciados ou con títulos que resuman a idea principal.
  - Marcar itinerarios ou localizar lugares en planos.
  - Localizar información concreta no texto co fin de completar fichas, esquemas, diagramas, etc.
  - Localizar no texto sinónimos, antónimos ou palabras dun determinado campo semántico.
  - Traducir textos traballados previamente na clase.
- Probas de comprensión oral: Estas probas incluírán exercicios que poderán ser dos seguintes tipos.
  - Contestar preguntas de resposta breve sobre un documento oral ou audiovisual.
  - Discriminar afirmacións identificando as verdadeiras e as falsas con respecto a un documento.
  - Contestar preguntas de opción múltiple.

- Identificar ou ordenar imaxes relacionadas co documento escoitado.
  - Localizar información concreta no texto co fin de completar fichas, esquemas, diagramas, etc.
  - Marcar itinerarios en planos.
  - Relacionar distintos elementos contidos no documento. Os documentos escoitaranse tres veces.
  - Probas de expresión escrita: Poderase pedir aos alumnos a realización das seguintes tarefas:
    - Contestar ou facer preguntas.
    - Completar frases ou textos ou formularios.
    - Actividades lexicais e gramaticais.
    - Redactar frases ou textos a partir duns elementos dados.
    - Describir fotos, BDs ou outros documentos gráficos.
    - Redactar cartas, mails e postais.
    - Escribir un texto breve sobre un tema visto na clase.
    - Escribir ou completar diálogos sobre situacións vistas na clase.
  - Probas de expresión oral: Esta destreza avaliarase mediante exercicios que poderán ser dos seguintes tipos:
    - Lectura en voz alta.
    - Participación en jeux de rôle.
    - Realización de exposicións.
    - Entrevistas persoais.
    - Descrición de fotos, BD ou outros documentos gráficos.
    - Participación en obras de teatro e en debates.
- Todos os exercicios presentes nas devanditas probas deberán reunir as seguintes características:
- A técnica non será descoñecida: realizaranse con anterioridade exercicios similares na aula.

- Deberán estar contextualizadas: nunha proba oral, por exemplo, daranse orientacións sobre a situación na que a conversa se desenvolve.

**O traballo, o interese e participación diaria na aula teranse en conta para poñer a nota de clase.**

O traballo dos alumnos será observable mediante:

- A recollida de traballos feitos en clase ou na casa: redaccións, exercicios de gramática e léxico, exercicios de comprensión oral ou escrita, esquemas ou resumos, etc.

- A observación directa na aula no que respecta á participación oral. Prestarase especial atención aos seguintes aspectos:

- O respecto polos compañeiros, polo profesor e polas normas básicas da clase: respectar a quenda de palabra, escoitar as intervencións dos compañeiros e as explicacións do profesor, non burlarse dos erros alleos, etc.

- A puntualidade tanto na chegada ás clases coma na entrega dos traballos.

- A participación dos alumnos nas clases e o interese por utilizar o francés como lingua de comunicación nela.

- A participación dos alumnos nas actividades complementarias propostas polo departamento.

- A atención dos alumnos tanto durante as explicacións do profesor coma durante a corrección dos exercicios e a audición dos documentos orais e audiovisuais.

- O coidado do material: fotocopias, apuntes e traballos feitos polo alumno. Este material é imprescindible para seguir as clases adecuadamente e o alumno será responsable de traelo e mantelo en bo estado. Tamén deberá coidar a presentación (con especial atención á caligrafía) do seu traballo: exercicios, fichas, redaccións, etc.

- O interese por coñecer unha lingua e unha cultura novas como medio de enriquecemento persoal e de comunicación con outras persoas.

## 5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA

A metodoloxía empregada ten como base un modelo de ensinanza comunicativo (cunha base fundamentalmente práctica, cuxa finalidade é o uso do idioma) e orientado á acción, que se centra non só nas competencias lingüísticas, senón en todas as capacidades que o individuo debe utilizar para se integrar eficazmente na comunidade da lingua que está a estudar. Parte dunha idea do alumno como usuario da lingua.

Este enfoque ten como centro a realización de tarefas: na sociedade levamos a cabo tarefas (escribimos cartas, realizamos conversas, solicitamos información, expresamos opinións...) e isto é o que debe aprender a facer o alumnado.

Unha tarefa é calquera iniciativa para a aprendizaxe que implique a realización na aula de actividades de uso da lingua representativas das que se poden levar a cabo fóra dela, que estea estruturada pedagogicamente, que estea aberta á intervención activa e ás achegas persoais dos que a executan, que requira deles, unha atención prioritaria ó contido das mensaxes e que lles facilite ocasión e momentos de atención á forma lingüística.

As liñas xerais de actuación serán as seguintes:

A produción oral traballarase fundamentalmente mediante a realización de jeux de rôle, o uso do francés como lingua de comunicación na aula e a realización de pequenas exposicións orais. A participación dos alumnos na aula debe incentivarse e valoraremos positivamente os seus esforzos por comunicarse en francés. Insistirase en que o alumnado empregue o francés (dentro das súas limitacións) para comunicarse co profesor e cos compañeiros. Fomentaremos unha pronuncia intelixible e certa fluidez en fórmulas habituais, evitando corrixir constantemente cuestións gramaticais ou fonolóxicas. Débense corrixir se interfíren na comunicación e a posteriori, unha vez realizada a tarefa, cando non afecte ó desenvolvemento desta.

A comprensión oral traballarase mediante a realización de exercicios sistemáticos centrados na comprensión global e específica de documentos sonoros e audiovisuais. Procuraremos que os documentos utilizados estean dispoñibles en internet para que os alumnos poidan reescoitalos na casa se o desexan. Moitos alumnos desanímanse cando non entenden todo o que se di no documento á primeira, e deixan de esforzarse por intentar comprendelo, aínda que sexa so

parcialmente. Insistirase na tolerancia da comprensión parcial e na perseverancia no esforzo de comprensión, reescoitando os documentos varias veces. Na aula, o profesor utilizará o francés como lingua de comunicación, o que supón unha exposición do alumno á lingua e unha práctica, polo tanto, desta destreza. Empregarase un vocabulario adecuado ó nivel dos alumnos e procurarase que a dicción sexa clara e que o ritmo non sexa moi rápido.

A comprensión escrita. É a destreza na que os alumnos adoitan ter menos dificultades. Sen embargo, algúns bloquéanse cando atopan algunha palabra descoñecida nos textos. Traballaremos estratexias que lles permitan inferir significados e recordarémolles que non é necesario coñecer todas as palabras dun texto para comprender o seu significado global.

A produción escrita é quizais a destreza máis difícil para os alumnos, que teñen tamén dificultades par expresarse de forma cohesionada e coherente na súa lingua materna. Traballaremos esta destreza fundamentalmente a partir de textos modelo que se analizarán para comprobar como se pode redactar un texto ben estruturado cuns coñecementos limitados do idioma. Unha vez traballado o texto modelo e os elementos que fan del un bo texto o alumno deberá completar a tarefa establecida apoiándose nas expresións e estruturas traballadas.

A aprendizaxe da gramática e do léxico. Os exercicios de gramática, ortografía ou léxico introducíranse en función dunha tarefa concreta, para axudar ó desenvolvemento desta, antes dela (como actividade de planificación) ou despois (como actividade de reforzo). Os alumnos

realizarán este tipo de exercicios fundamentalmente fóra da aula Evitarase na medida do posible o uso de metalinguaxe gramatical nas explicacións e utilizaremos como punto de partida os coñecementos que os alumnos xa posúen noutras linguas.

Para procurar o dinamismo na clase e evitar monotonía procuraremos alternar as tarefas relativas

ás diferentes destrezas (aínda que daremos prioridade ás actividades de expresión e comprensión oral, máis difíciles de facer na casa) e fomentaremos as actividades comunicativas de tipo práctico e o máis lúdicas posible.

Potenciaremos a motivación do alumnado (factor clave para a aprendizaxe do francés) mediante as seguintes estratexias: valorar os logros dos alumnos (aínda que non alcancen as expectativas), fomentar actividades participativas nas que o alumno sexa protagonista e teña oportunidade de falar, utilizar xogos didácticos, contribuír a un bo ambiente de clase mostrando un interese persoal polos alumnos, plantexar os obxectivos como alcanzables, propoñer exercicios voluntarios e valorar (especialmente nas tarefas de produción escrita) os aspectos positivos ademais de facer notar os erros.

## 6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE VAN UTILIZAR.

Este Departamento fará uso de todos aqueles recursos dispoñibles tanto en papel coma dixitais. Cabe reseñar o uso do EDIXGAL, en 2º e 4º ESO. De igual modo, as pizarras dixitais e a utilización dos medios interactivos que veñen con cada método e que serven para complementar e enriquecer a labor do profesor, ao facilitaren o acceso a documentos reais e permanentemente actualizados. A continuación detallamos algúns dos máis salientables:

Uso dos ordenadores persoais. Wikis ou Blogues de aula de consulta ou interactivos. Lecturas e xogos gramaticais ou de vocabulario en liña.

Fichas fotocopiáveis. Dicionario de imaxes, de palabras, de termos gramaticais, de verbos en diversos soportes.

Posters; folletos turísticos e postais; láminas e “collages” analóxicos ou dixitais.

CDs de audio e CDroms, vídeos, DVDs. Xogos de cartas, flashcards, etc. en papel ou dixitais. Libros de lecer de lectura fácil con ou sen soporte auditivo, cómics, BD,

extractos axeitados. Recursos da Biblioteca: mapas ilustrados e libros de consulta, mapas conceptuais...

Libros e caderniños gramaticais complementarios, ademais dos recursos pedagóxicos en rede.

**2º ESO:** Edixgal (Editorial Netex) e material elaborado ou proporcionado polo profesor.

**4º ESO** Edixgal (Editorial Edebé) e material elaborado ou proporcionado polo profesor.

## 7. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.

### a) Cualificacións parciais

En cada un dos tres trimestres os alumnos da ESO serán cualificados do seguinte modo:

<i>Comprensión escrita</i>	<i>Comprensión oral</i>	<i>Expresión escrita</i>	<i>Expresión oral</i>	<i>Traballos. Participación. Deberes</i>
<b>20 %</b>	<b>20%</b>	<b>20%</b>	<b>20%</b>	<b>20%</b>

Os criterios de cualificación serán os seguintes:

Dentro da Comprensión escrita e a Expresión escrita avaliarase tamén o vocabulario e a gramática, podendo facer pequenos controis de ata 4 puntos de vocabulario e/ou gramática se o curso o requerise.

O 20% de traballos e participación avaliarase da seguinte forma : 10 % o traballo diario e participación e 10% os traballos e/ou deberes e/ou redaccións ou entregas. A falta de traballo diario suporá 0,1 menos ata o total de un ounto, é dicir, o 10%.

En 1º e 2º da ESO o profesor poderá recoller o caderno.

### b) Cualificación final

Dada a natureza da materia, que é un continuo, no que os contidos vistos en cada unidade

reaparecen e vanse acumulando, de xeito que ao final do curso é necesario empregar elementos estudados durante todo o ano. Se o alumno aproba a terceira avaliación superará o curso.

### c) Cualificación negativa

Seguindo os principios da avaliación continua, non haberá exames de recuperación específicos. Os alumnos recuperarán as avaliacións negativas aprobando as posteriores, xa que estas inclúen os contidos das avaliacións anteriores.

A primeira avaliación recuperarase se o alumno supera a segunda, e a segunda, se supera a terceira. Os exames da 2ª e da 3ª avaliación poderán incluír preguntas sobre os contidos da/das avaliación(s) anterior(es).

### **O aprobado fíxase no 5.**

#### **Notas importantes:**

1. Aqueles alumnos que sexan descubertos copiando durante a realización dunha proba terán un 0 en dita proba.
2. **As probas de comprensión escrita e expresión escrita poderán conter exercicios de gramática e vocabulario de forma explícita.**
3. A avaliación é continua, o alumnado que supere a Terceira avaliación terá aprobado o curso.
4. A partir do 4,5 (incluído) o redondeo será á alza.

#### ***CRITERIOS DE CORRECCIÓN***

a) Criterios de corrección das probas de comprensión: Á hora de cualificar as probas de comprensión oral e escrita non se teran en conta os posibles erros ortográficos ou de expresión (sempre que a resposta sexa comprensible) xa que se trata de avaliar a comprensión, non a expresión. Nos tests de opción múltiple ou de verdadeiro/falso, as respostas erróneas poderán descontar puntos.

b) Criterios de corrección das probas de expresión oral:

(rúbrica)

A adecuación: Con este criterio mídese o cumprimento das pautas e puntos estipulados para a



tarefa a efectuar: duración das intervencións, relevancia do contido, adecuación ao rexistro esixido pola situación, etc.

No caso de que a adecuación sexa nula, é dicir, que a resposta do alumno non teña nada que ver coa tarefa requirida, os demais criterios non serán aplicables e o alumno terá un cero na proba (ou nesa parte, no caso de que a proba inclúa varios exercicios).

- A fluidez O alumno debe ser quen de desenvolverse cun ritmo aceptable. Non interromperá a comunicación con pausas demasiado extensas que impidan seguir o fío argumental do seu discurso.
- A coherencia e a cohesión. Con este criterio se mide a organización da información e das ideas e o mantemento da liña discursiva para que non haxa saltos lóxicos que impidan ou dificulten a comprensión do texto. A cohesión reflíctese, por exemplo, no uso adecuado de conectores discursivos e de patróns de entoación, así coma en que a organización do discurso sexa adecuada: no monólogo, que se manteña a estrutura de introdución, desenvolvemento e conclusión do tema; no diálogo, que se manteñan os quendas de palabra e se apliquen estratexias de cooperación e mantemento, reorientación e conclusión do tema.
  - A riqueza do discurso. Este criterio mide a variedade e a precisión da información, do léxico e das estruturas sintáctico-discursivas empregadas.
  - A corrección gramatical, léxica e fonética. O alumno debe ser quen de empregar correctamente as estruturas gramaticais e o léxico visto na clase. Pode haber algún erro que non dificulte a comprensión.

No que atinxe á pronuncia, o alumno pronuncia aceptablemente a maioría do léxico empregado. Non hai erros importantes que impidan a comprensión do discurso.

Nota importante: no caso de que a pronuncia sexa tan mala que faga o discurso totalmente incomprendible, facendo imposible a valoración dos demais criterios de corrección, a nota do alumno será 0.

#### c) Criterios de corrección da expresión escrita:

(rúbrica)

- A adecuación. Con este criterio se mide o cumprimento das pautas e puntos estipulados para a tarefa a efectuar: duración das intervencións, relevancia do contido, adecuación ao rexistro

esixido pola situación.

No caso de que a adecuación sexa nula, é dicir, que a resposta do alumno non teña nada que ver coa tarefa requirida, os demais criterios non serán aplicables e o alumno terá un cero na proba (ou nesa parte, no caso de que a proba inclúa varios exercicios).

- A coherencia e a cohesión. Con este criterio mídese a organización da información e das ideas e o mantemento da liña discursiva (introdución, desenvolvemento, cambio e conclusión do tema), para que non haxa saltos lóxicos que impidan ou dificulten a comprensión do texto.

A cohesión reflíctese na disposición e unión de oracións e parágrafos mediante o uso adecuado de conectores discursivos e dos signos de puntuación.

- A riqueza do discurso. Este criterio mide a variedade e a precisión da información, do léxico e das estruturas empregadas.

- A corrección gramatical, léxica e ortográfica. O alumno debe ser quen de empregar correctamente frases feitas, estruturas verbais e nominais e dominar o uso dos tempos. Pode haber algún erro que non dificulte a comprensión. As palabras deberán estar correctamente escritas tanto no que respecta á ortografía léxica coma gramatical.

En 1º da ESO só se usará a rúbrica para corrixir pequenas redaccións cando sexa posible. No primeiro trimestre ao se tratar dunha lingua nova serán exercicios de responder preguntas e pequenas oracións.

**Número de exames por avaliación:** mínimo un exame.

## 8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO DA PRÁCTICA DOCENTE

### INDICADORES DE LOGRO para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.

Este departamento tratará, nas reunións mensuais, a rendibilidade da nosa práctica docente para que o alumnado acade os obxectivos marcados.

As rúbricas para a reflexión e a avaliación da práctica docente centraranse en catro aspectos que consideramos

relevantes :

1. Planificación.

2. Motivación do alumnado.
3. Desenvolvemento do proceso de ensino aprendizaxe.
4. Seguimento e avaliación do proceso de ensino aprendizaxe.

E como indicadores de logro para avaliala, este departamento propón diferentes enquisas a cumprimentar por cada profesor/a que imparta a materia, tales como:

### PLANIFICACIÓN

INDICADORES	VALORACIÓN (de 0 a 5)	PROPOSTA DE MELLORA
1. Programa a materia tendo en conta os estándares de aprendizaxe previstos nas leis educativas.		
2. Programa a materia tendo en conta o tempo dispoñible para o seu desenvolvemento.		
3. Selecciona e secuencia de forma progresiva os contidos da programación de aula tendo en contas as particularidades de cada un dos grupos de estudantes.		
4. Planifica as clases de modo flexible, preparando actividades e recursos axustados á programación de aula e ás necesidades e aos intereses do alumnado.		
5. Coordinase co profesorado doutros departamentos que poidan ter contidos afíns á súa materia.		



### MOTIVACIÓN DO ALUMNADO

INDICADORES	VALORACIÓN (de 0 a 5)	PROPOSTA DE MELLORA
1. Proporciona un plan de traballo ao principio de cada unidade.		

2. Formula situacións que introduzan a unidade (cuestións previas, fotografías, eslóganés...)		
3. Relaciona as aprendizaxes con situacións reais.		
4. Relaciona os contidos eas actividades cos intereses do alumnado.		
5. Estimula a participación activa do alumnado e promove a reflexión sobre os temas tratados.		

### DESENVOLVEMENTO DO ENSINO

INDICADORES	VALORACIÓN (de 0 a 5)	PROPOSTA DE MELLORA
1. Resume os conceptos fundamentais antes de abordar unha nova unidade.		
2. Cando introduce conceptos novos, relaciónaos, se é posible, con outros xa estudados.		
3. Ten predisposición para aclarar dúbidas dentro e fóra da aula.		
4. Utiliza as novas tecnoloxías para apoiar os contidos na aula.		
5. Promove o traballo cooperativo e mantén unha comunicación fluída cos alumnos.		
6. Formula actividades que permitan a adquisición dos estándares		

 <p>XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL</p>	<p>Centro Público Integrado CASTRO BAXOI</p>  <p>MIÑO</p>	<p><b>CPI CASTRO BAXOI</b> As Marismas 25 — 15630 MIÑO tfno.: 881 880 765 web: <a href="http://www.edu.xunta.gal/centros/cpicastrobaxoi/">http://www.edu.xunta.gal/centros/cpicastrobaxoi/</a> email: <a href="mailto:cpi.castro.baxoi@edu.xunta.gal">cpi.castro.baxoi@edu.xunta.gal</a></p>	 <p>FONDO SOCIAL EUROPEO</p>
--	--	--	---

de aprendizaxe.		
-----------------	--	--

## SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PROCESO DE APRENDIZAXE

INDICADORES	VALORACIÓN (de 0 a 5)	PROPOSTAS DE MELLORA
1. Realiza a avaliación inicial ao principio de curso para axustar a programación ao nivel do alumnado		
2. Detecta os coñecementos previos de cada unidade didáctica		
3. Revisa os traballos propostos na aula e fórala.		
4. Favorece os procesos de autoavaliación e coavaliación.		
5. Propón novas actividades que faciliten a adquisición de obxectivos cando estes non foron alcanzados suficientemente.		
6. Propón novas actividades de maior nivel cando os obxectivos foron alcanzados con suficiencia.		
7. Utiliza diferentes instrumentos de avaliación en función dos contidos, o nivel dos estudantes...		

### 9. PLAN DE PENDENTES

#### Procedemento para superar as materias pendentes :

Os alumnos que teñan que recuperar a materia de francés poderán facelo dos seguintes modos:

1. Realizar e entregar no prazo estipulado unhas fichas de traballo por trimestre entregados polo departamento de Francés.
2. De non aprobar polo metodo anterior (realización dunhas fichas de traballo) o alumno deberá presentarse a unha proba final, que englobará actividades de comprensión e expresión escritas.

#### Instrumentos de avaliación:

Unha única proba que constará de dúas partes: comprensión escrita e expresión escrita.

### Criterios de cualificación:

No caso de que o alumno aprobe polo procedemento a), a súa nota será a mesma que obteña no curso superior a aquel que debe de superar.

O alumnado repetidor que tivo unha cualificación negativa na materia de Francés realizará actividades deseñadas para reforzar os aqueles coñecementos que non foron adquiridos.

O plan de traballo e seguimento do alumnado pendente será o seguinte:

A xefa de departamento elaborará unhas fichas de revisión que o alumno irá a recoller ao departamento. Facilitaráselles toda a axuda que precisen para a realización de ditas fichas, farase conxuntamente un horario de atención a pendentes, que se corresponderá cos momentos de lecer, pero o alumno deberá de comprometerse a ser constante, responsable e acudir, nas datas e nas horas establecidas ao departamento para seguir o plan de traballo.

## **10. DISEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL**

### PROCEDIMIENTO PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL

Durante as primeiras semanas do curso comprobarase o nivel de competencia inicial dos alumnos mediante a realización de actividades que lles permitan recordar e reactivar as competencias adquiridas en cursos anteriores. A análise dos resultados e a observación do comportamento dos alumnos durante as actividades permitirán enfocarse mellor as clases, insistindo máis naqueles aspectos nos que os alumnos teñan máis carencias e ofrecéndolles ferramentas e estratexias coas que poder superar as dificultades. Ademais permitirán adecuar mellor a metodoloxía e as actividades aos intereses e aos estilos de aprendizaxe dos alumnos.

Por outra banda, tamén se recadará información académica (estudos previos de francés, materias pendentes, repetición de cursos, etc.) e persoal (necesidades educativas especiais, etc.) que poida afectar ao proceso de ensino/aprendizaxe. Neste sentido, pedirase información aos alumnos, aos profesores de anos anteriores e, de ser necesario, á orientadora do centro e ás familias.

Este coñecemento da situación inicial do alumno ante unha secuencia de aprendizaxe, é a chamada avaliación inicial. Poderá facerse mediante diversas actividades orais e/ ou escritas aos alumnos.

No caso do noso departamento, dado que non podemos facer avaliación inicial de contidos, faremos probas de discriminación oral en primeiro curso da ESO, por empezar de cero; realizaremos avaliación

inicial de contidos en 2º, e 4º da ESO

O procedemento para facer dita avaliación consistirá nunha proba de comprensión e expresión escrita e oral, que permitirá ao profesor(a) poder avaliar o nivel de coñecementos da materia, tanto dende o punto de vista do grupo como a nivel individual. En función dos resultados poderán formarse grupos de traballo na aula para axustar paulatinamente o nivel do curso, así como adoptar as pertinentes medidas de reforzo ou ampliación.

#### AS PROBAS DE AVALIACIÓN INICIAL:

As probas de avaliación Inicial de 2º e 4º constarán de:

Un exercicio de comprensión oral

Un exercicio de comprensión escrita

Un exercicio de expresión oral

Un exercicio de expresión escrita

Un exercicio de vocabulario

Exercicios de gramática de cursos anteriores

Dos resultados obtidos, comezarse a impartir materia repasando se for necesario contidos de anos anteriores.

### 11. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Medidas para alumnos con dificultades puntuais na materia:

Reforzos puntuais a través de explicacións individualizadas durante a clase ou fóra dela.

- Actividades e exercicios adicionais de repaso e consolidación.
- Bibliografía adicional e relación de webs que permitan ós alumnos repasar e afondar nos aspectos máis complexos traballados na aula.

Medidas para alumnos con necesidades educativas especiais:

- Exención da materia de 2ª lingua estranxeira.
- A adaptación de obxectivos, contidos e actividades propostas na programación das unidades.
- Adaptación de tempos e/ou materiais nas probas. Medidas de atención para o alumnado repetidor:

- No caso de alumnos que xa superaron os obxectivos da materia de francés pero están repetindo



por suspender outras materias, proporánselle actividades de ampliación, lecturas complementarias adaptadas ao seu nivel e tarefas cun maior grado de complexidade, para que poidan seguir mellorando a súa competencia comunicativa.

- Os demais alumnos repetidores aplicaráselles as mesmas medidas ca aos non repetidores.

## **12. ELEMENTOS TRANSVERSAIS (que se traballarán no curso que corresponda)**

Os temas transversais sempre estiveron moi presentes na ensinanza das linguas estranxeiras , xa que aprender outro idioma implica reflexionar sobre múltiples facetas da vida cotiá, ó mesmo tempo que se compara a realidade estranxeira coa propia. Estes temas deben impregnar a actividade docente e estar presentes na aula de forma permanente, pois refírense a problemas e preocupacións fundamentais na nosa sociedade. A estes temas transversais engadimos dúas dimensións : a educación multicultural e a educación para Europa

Dende o Departamento de francés traballarase a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, e a educación cívica e constitucional.

Tamén fomentaremos o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.

Do mesmo xeito, promoveremos a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, e ás persoas con discapacidade, e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e a consideración ás vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual. Fomentaremos, así mesmo, as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a

iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

A seguridade viaria tamén estará presente, promoveranse accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, coa finalidade de que os/as alumnos/as coñezan os seus dereitos e deberes como usuarios/as das vías, en calidade de peóns, viaxeiros/as e condutores/as de bicicletas ou vehículos a motor, respecten as normas e os sinais, e se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións adecuadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.

A maneira en que se entenden todos eles queda reflexada nos obxectivos especificados a continuación.

- **Educación para a convivencia.**

Persigue e concreta unha parte importante dos obxectivos de educación moral e cívica presentes en todo o currículo. Pretende educar para a convivencia no pluralismo mediante un esforzo formativo en dous direccións :

O respecto á autonomía dos demais.

O diálogo como forma de solucionar as diferenzas.

- **Educación para a saúde**

Basease nun concepto integral da saúde como benestar físico e mental, individual, social e medioambiental. Plantea dous tipos de obxectivos:

Adquirir un coñecemento progresivo do corpo, das principais anomalías e enfermidades, e do modo de previlas ou curalas.

Crear hábitos de saúde: hixiene corporal e mental, alimentación correcta, prevención de accidentes, relación sen medo co persoal sanitario, etc.

- **Educación para a paz**

Non se pode separar da educación para a comprensión internacional, a tolerancia, o desarme, a non violencia, o desenrolo e a cooperación. Persigue estes obxectivos prácticos:

Educar para a acción. As leccións de paz, a evocación de figuras e o coñecemento de organismos comprometidos coa paz deben xerar estados de conciencia e condutas prácticas.

Adestrarse para a solución dialogada de conflitos no ámbito escolar.

- **Educación do consumidor**

Plantea, entre outros, estes obxectivos:

Adquirir esquemas de decisión que consideren todas as alternativas e os efectos individuais, sociais, económicos e medioambientais.

Desenvolver un coñecemento dos mecanismos do mercado, así como dos dereitos do consumidor e as formas de facelos efectivos.

Crear unha conciencia de consumidor responsable que se sitúa criticamente fronte ó consumismo e á publicidade.

- **Educación non sexista**

A educación para a igualdade se plantexa expresamente pola necesidade de crear dende a infancia e a primeira adolescencia unha dinámica correctora das discriminacións por motivos de sexo. Entre os seus obxectivos estean:

Desenrolar a autoestima e unha concepción do corpo como expresión da personalidade.

Analizar criticamente a realidade e corrixir prexuízos sexistas e as súas manifestacións na linguaxe, publicidade, xogos, profesións, etc.

Adquirir habilidades e recursos para realizar calquera tipo de tarefas, domésticas ou non.

Consolidar hábitos non discriminatorios.

- **Educación ambiental**

Entre os seus obxectivos están os seguintes:

Adquirir experiencias e coñecementos suficientes para ter unha comprensión dos principais problemas ambientais.

Desenrolar conciencia de responsabilidade respecto do medio ambiente global.

Desenrolar capacidades e técnicas de relacionarse co medio sen contribuír ao seu deterioro, así como hábitos individuais de protección do medio.

- **Educación vial**

Propón dous obxectivos fundamentais:

Sensibilizar ao alumnado sobre os accidentes e outros problemas de circulación.

Adquirir condutas e hábitos de seguridade vial como peóns e como usuarios de vehículos.ç

- **Educación para Europa**

Os seus principais obxectivos son:

Adquirir unha cultura en xeografía, historia, linguas e institucións europeas.

Desenrolar a conciencia de identidade europea e a asunción progresiva da cidadanía europea cos seus valores, dereitos e obrigacións.

Preparar para a cooperación cívica, tecnolóxica e profesional entre os europeos.

▪ **Educación multicultural**

A educación multicultural, ou intercultural, ven esixida pola crecente intercomunicación das culturas, e a fan máis urxente os brotes de racismo e xenofobia observados ante a crecente presenza entre nos de inmigrantes racial e culturalmente diferentes. Algúns dos seus obxectivos son os seguintes:

Espertar o interese por coñecer outras culturas diferentes coas súas crenzas, institucións e técnicas.

Desenvolver actitudes de respecto e colaboración con grupos culturalmente minoritarios.

### **13. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES E PARTICIPACIÓN NOS DISTINTOS PLANS E ACTIVIDADES DO CENTRO**

- Saída ao teatro en francés
- Saída a unha película francesa
- Acudir á Francofonía
- Posible intercambio con outro centro
- Conmemoración de festas ou tradicións propias da cultura francófona: la Chandeleur, la Fête de la Francophonie, le Poisson d'Avril...
- A utilización de fragmentos de películas debidamente preparados para a súa explotación pedagóxica na aula.
- Elaboración de vídeos en Francés
- As cancións e os xogos en lingua francesa

**Lectura e itinerarios lectores:** Non propoñemos itinerarios lectores con libros de lectura obrigatoria en 2ª lingua estranxeira FRANCÉS en ningún curso, xa que cremos que, cando o nivel lingüístico non é alto, é máis apropiado fomentar o gusto pola lectura con textos curtos e variados adaptados aos coñecementos dos alumnos, como bandas deseñadas, diálogos, anuncios, trabalinguas, cartas, postais, entrevistas, notas informativas, pequenos artigos, etc. As actividades que realizaremos serán as

seguintes:

- Lectura en voz alta no grupo clase diariamente
- Lectura individual e silenciosa no grupo e fóra da aula
- Identificación de ideas principais e secundarias
- Elaboración de esquemas e resumos
- Redacción de textos variados segundo o modelo traballado

**Escritura creativa e informativa:** Fomentaremos a escritura creativa e a elaboración de documentos informativos proporcionando modelos e ferramentas lingüísticas axeitadas e propoñendo buscas de información guiadas e sinxelas en diferentes páxinas web. Solicitaremos aos alumnos que creen documentos propios en soportes diversos empregando a imaxinación ou a rigor científico, segundo o tipo de documento que estean a elaborar. As actividades que realizaremos son as seguintes:

- Busca de información guiada na web relacionada cos contidos
- Extracción de información precisa segundo as consignas dadas
- Elaboración de documentos máis ou menos complexos segundo o nivel: fichas, cuestionarios, decálogos, informes, paneis, gravacións...

**Proxectos de investigación:** Proporemos en cada nivel un proxecto de investigación sobre aspectos socio-lingüísticos e culturais da Francofonía que implique o manexo de documentación variada, a selección de información e a elaboración dun informe escrito e/ou audiovisual, así como unha exposición ao grupo clase.

### *Actividades interdisciplinares e de Centro*

**Hora de ler:** Proporase material de lectura diverso para que os alumnos poidan facer uso del na Hora de Ler, se así o desexan: contos, bandas deseñadas e poemas e narracións adaptadas en francés ou material relacionado coa francofonía editado nas linguas maternas dos alumnos.

**Tema da biblioteca:** Proporemos documentos que poñan en relación a lingua francesa e a Francofonía

co tema da biblioteca, xa que o tema é de gran interese para este departamento xa que a lingua e cultura francesas están presentes en todo o mundo e poderemos profundar no coñecemento dos países e das culturas francófonos.

**Celebracións:** Participaremos en aquelas que nos permitan empregar a lingua francesa como vehículo e a Francofonía como referente: día contra a violencia de xénero, día da muller, día do libro...

#### *Actividades relacionadas co Plan TICs do Centro.*

Realizaremos diversas actividades para propiciar a adquisición da competencia dixital, imprescindible no momento en que o ensino non poida ser presencial, especialmente as relacionadas co manexo da Aula Virtual e as súas ferramentas. Outras actividades que desenvolveremos neste e nos outros niveles son as seguintes:

Empregaremos material audiovisual virtual.

Buscaremos información na web e elaboraremos documentos en soporte virtual.

O Departamento de Francés actuará de acordo co Plan de convivencia do centro.

-

## **14. MECANISMOS DE REVISIÓN E AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN**

Nas reunións de departamento estudarase o seguimento das programacións nos distintos grupos, e en cada caso faranse as correccións necesarias. Estas sempre dependerán do nivel dos grupos, dos coñecementos previos que amosen os alumnos, da actitude dos mesmos, e en función de cada unha destas variables iremos modificando o previsto na mesma.

Para avaliar a Programación Didáctica, ao longo do curso e, tamén ao final, analizaremos os seguintes aspectos:

Comprobaremos se se acadan ou acadaron os obxectivos que figuran nela.

Comprobaremos se a Programación se axusta ou axustou á realidade da aula, e se a secuenciación de contidos se axusta ou axustou ao tempo real.

Comprobaremos se as accións previstas con respecto ás TICs foron as axeitadas.

Comprobaremos se os contidos mínimos, os criterios de avaliación e cualificación están sendo ou foron os axeitados.

Comprobaremos se as medidas de atención á diversidade se aplican ou aplicaron correctamente.

Analizaremos o desenvolvemento do Proxecto Lector.

Analizaremos os resultados das avaliacións do alumnado.

Avaliaremos as actividades complementarias e extraescolares realizadas durante o curso e a súa contribución ós obxectivos do currículo.

Todos estes aspectos quedarán reflectidos nas actas de reunión do departamento e na memoria final da programación anual e corrixiremos os que sexan necesarios, se os houbera.

Como indicadores de logro para avaliar a programación didáctica, este departamento propón diferentes enquisas a cumprimentar coma as seguintes:

<b>Enquisa 1: Avaliación do proceso de ensino aprendizaxe. Datos estatísticos</b>			
CURSO ACADÉMICO		CURSO e GRUPO	
PROFESOR/A			
TOTAL ALUMNOS		APROBADOS	
INSUFICIENTE		SUFICIENTE	
BIEN		NOTABLE	
SOBRESALIENTE			

#### **NOTA MEDIA**

<b>Enquisa 2: Avaliación da Programación. Obxectivos</b>
Traballáronse todos os obxectivos?
Non se alcanzaron todos.
Cales? Razóns:
Grao de consecución de obxectivos:
<b>PROPOSTAS DE MELLORA</b>
<b>Enquisa 3: Avaliación da Programación. Contidos.</b>
Traballáronse todos os contidos?

Afondoouse nalgúns en particular?

Cales? Razóns:

---

Grao de consecución de contidos:

**PROPOSTAS DE MELLORA**

**Enquisa 4: Funcionamento de cada unidade didáctica.**

Aspectos a avaliar	A destacar ...	A mellorar...	Propostas de mellora persoal
Temporalización das unidades didácticas			
Desenvolvemento dos obxectivos didácticos			
Adquisición dos contidos da unidade			
Descriptor e desempeños competenciales			
Realización de tarefas			
Recursos			
Uso de diversas ferramentas de avaliación			
Portfolio de evidencias dos estándares de aprendizaxe			
Atención á diversidade			
Interdisciplinidade			

Considerarase conforme a programación se se cumpre ao menos un 75% dos contidos programados ao principio do curso.



Sería igualmente conforme a programación, aínda que non se acadase o 75% antedito, se as razóns ou motivos son de carácter externo (perda de horas de clase por razóns de diversa índole), se os niveis dos alumnos son baixos, se non se cumpren os ritmos de adquisición dos contidos previstos ou se o seu baixo nivel de cumprimento é atribuíble claramente a unha falta de implicación e traballo do alumnado.

Beatriz Rodríguez Payo
(Xefa de Departamento)

Miño, a 7 de setembro de 2022

## 15. ANEXOS

### RÚBRICAS

Producción de textos orais ESO				
Nome :				
NOTE : _____/20				
Adecuación	Fluidez	Coherencia e cohesión	Riqueza do discurso	Corrección gramatical, léxica e fonética
0 1 2 3 4	0 1 2 3 4	0 1 2 3 4	0 1 2 3 4	0 1 2 3 4

Producción de textos escritos ESO			
Nome :			
NOTE : _____/20			
Adecuación	Coherencia e cohesión	Riqueza do discurso	Corrección gramatical, léxica e fonética
0 1 2 3 4 5	0 1 2 3 4 5	0 1 2 3 4 5	0 1 2 3 4 5

**2º ESO: 2ª LINGUA ESTRANXEIRA – FRANCÉS**

<b>Bloque 1. Comprensión de textos orais</b>				
<b>Obxectivos</b>	<b>Contidos</b>	<b>Competencias</b>	<b>Actividades</b>	<b>Temporalización</b>
6 a c d i 1	<p>B2.1. Estratexias de produción: – Planificación: – Identificar o contexto, o destinatario e a finalidade da produción ou da interacción. – Adecuar o texto ao destinatario, ao contexto e á canle, escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa. – Execución:</p> <p>– Concibir a mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais e a súa estrutura básica. – Activar os coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados. – Expresar a mensaxe con claridade e coherencia básica, estruturándoa adecuadamente e axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto memorizados e traballados en clase previamente. – Reaxustar a tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (limitar o que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles. – Compensar as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos. – Lingüísticos: – Modificar palabras de significado parecido. – Definir ou parafrasear un termo ou expresión. – Usar a lingua materna ou "estranxeirizar" palabras da lingua meta. – Pedir axuda. – Paralingüísticos: – Sinalar obxectos, usar deicticos ou realizar accións que aclaran o significado. – Usar linguaxe corporal culturalmente pertinente (xestos, expresións faciais, posturas, contacto visual ou corporal). – Usar elementos cuasiléxicos (hum, puah...) de valor comunicativo.</p> <p>B2.2. Actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender.</p> <p>B2.3. Rutinas ou modelos básicos de interacción segundo o tipo de situación de comunicación.</p>	<p>CCL CAA CSC CCE C CD</p>	<p>Participación en “jeux de rôle” e pequenos sketches teatrais.</p> <p>Participación en conversas de distinto tipo: realización de enquisas, entrevistas, debates, etc.</p> <p>Realización de exposicións.</p> <p>Gravación de vídeos sobre diversos temas.</p> <p>Presentación oral de traballos.</p> <p>Uso do francés como lingua de comunicación na aula.</p>	<p>De xeito continuado durante todo o curso.</p>

<b>Bloque 2. Producción de textos orais</b>			
<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Estándares de aprendizaxe</b>	<b>Grao de consecución mínimo esixible</b>	<b>Instrumentos</b>
<p>B2.1. Pronunciar de xeito intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe.</p> <p>B2.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para producir textos orais monolóxicos ou dialóxicos breves e de estrutura simple e clara, utilizando, entre outros, procedementos como a adaptación da mensaxe a patróns da primeira lingua ou outras, ou o uso de elementos léxicos aproximados, se non se dispón doutros máis precisos.</p> <p>B2.3. Intercambiar de xeito intelixible información sobre transaccións e xestións cotiás moi habituais, usando un repertorio básico de palabras e frases simples memorizadas, e facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se lle repita ou repetir o dito.</p> <p>B2.4. Producir textos breves e comprensibles, tanto en conversa cara a</p>	<p>SLEB2.1. Fai presentacións breves e ensaiadas, seguindo un esquema lineal e estruturado, sobre aspectos concretos de temas do seu interese ou relacionados cos seus estudos, e responde a preguntas previsibles breves e sinxelas de oíntes sobre o contido destas.</p> <p>SLEB2.2. Participa en conversas informais breves e sinxelas, cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, nas que establece contacto social básico, intercambia información e expresa de xeito sinxelo opinións e puntos de vista, fai invitacións e ofrecementos, pide e ofrece cousas, pide e dá indicacións ou instrucións, ou discute os pasos que hai que seguir para realizar unha actividade conxunta, facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se repita ou repetir o dito.</p> <p>SLEB2.3. Desenvólvese coa debida corrección en xestións e transaccións cotiás, como son as viaxes, o aloxamento, o transporte, as compras e o lecer (horarios, datas, prezos, actividades, etc.), seguindo</p>	<p>SLEB2.1- Fai presentacións breves e ensaiadas de xeito intelixible, aínda que con algún erro, seguindo un guión escrito, sobre aspectos concretos de temas xerais ou relacionados con aspectos básicos dos seus estudos, e responde de xeito intelixible aínda que con algún erro a preguntas breves e sinxelas de oíntes sobre o contido destas se se articulan clara e lentamente.</p> <p>SLEB2.2- Desenvólvese coa eficacia suficiente en conversas informais breves e sinxelas, cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, nas que establece contacto social básico, intercambia información e expresa de xeito sinxelo opinións e puntos de vista, fai invitacións e ofrecementos, pide e ofrece cousas, pide e dá indicacións ou instrucións, facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se lle repita ou repetir o dito.</p> <p>SLEB2.3- Participa coa eficacia suficiente en xestións e transaccións cotiás, como son as viaxes, o aloxamento, o</p>	<p>Instrumentos de avaliación</p> <p>Exposicións orais na clase.</p> <p>Vídeos gravados polos alumnos.</p> <p>Probas de expresión oral: exercicios de interacción (jeux de rôle).</p>

<p>cara como por teléfono ou por outros medios técnicos, nun rexistro neutro ou informal, cunha linguaxe sinxela.</p> <p>B2.5. Dar, solicitar e intercambiar información sobre temas de importancia na vida cotiá e asuntos coñecidos ou de interese persoal, educativo ou ocupacional, e xustificar brevemente os motivos de determinadas accións e plans, aínda que ás veces haxa interrupcións ou vacilacións, resulten evidentes as pausas e a reformulación para organizar o discurso e seleccionar expresións e estruturas, e a persoa interlocutora teña que solicitar ás veces que se lle repita o dito.</p>	<p>normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento), facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se repita ou repetir o dito.</p> <p>SLEB2.4. Desenvólvese de xeito simple pero suficiente nunha conversa formal, nunha reunión ou nunha entrevista (por exemplo, para realizar un curso de verán), achegando información relevante, expresando de xeito sinxelo as súas ideas sobre temas habituais, dando a súa opinión sobre problemas prácticos cando se lle pregunta directamente, e reaccionando de forma simple ante comentarios, sempre que poida pedir que se lle repitan os puntos clave, se o necesita.</p>	<p>transporte, as compras e o lecer (horarios, datas, prezos, actividades, etc.), seguindo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento), facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se repita ou repetir o dito.</p> <p>SLEB2.4- Desenvólvese de maneira simple e suficientemente eficaz, aínda que con algún erro, nunha conversa formal ou entrevista sinxela, achegando información, expresando opinións e reaccionando ante comentarios formulados de maneira lenta e clara, se pode pedir repeticións.</p>	
--	--	--	--

Bloque 3. Comprensión de textos escritos				
Obxectivos	Contidos	Competencias	Actividades	Temporalización
a c d e i 1 5	<p>B3.1. Estratexias de comprensión:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>– Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema, a partir da información superficial: imaxes, organización na páxina, títulos de cabeceira, etc.</li> <li>– Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva).</li> <li>– Distinción de tipos de comprensión necesarios para a realización da tarefa (sentido xeral, información esencial e puntos principais).</li> <li>– Formulación de hipóteses sobre contido e contexto.</li> <li>– Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión</li> </ul>	<p>CC L C A A CS C CC EC C D</p>	<p>Exercicios de comprensión e análise de textos escritos de distintos tipos: fragmentos literarios, páxinas web, blogs, folletos turísticos, textos</p>	<p>De xeito continuado ao longo de todo o curso.</p>
	<p>de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais, e do coñecemento e experiencias noutras linguas.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>– Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.</li> </ul> <p>B3.2. Soletreo e asociación de grafía, pronuncia e significado a partir de modelos escritos e expresións orais coñecidas.</p>		<p>xornalísticos, etc.</p>	

<b>Bloque 3. Comprensión de textos escritos</b>			
<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Estándares de aprendizaxe</b>	<b>Grao de consecución mínimo esixible</b>	<b>Instrumentos</b>
<p>B3.1. Utilizar estratexias de lectura (recurso ás imaxes, títulos e outras informacións visuais, e aos coñecementos previos sobre o tema ou a situación de comunicación, e aos transferidos desde as linguas que coñece), identificando a información máis importante e deducindo o significado de palabras e expresións non coñecidas.</p> <p>B3.2. Seguir instrucións e consignas básicas sinxelas e predicibles, referidas a necesidades inmediatas, e con apoio visual.</p> <p>B3.3. Comprender información relevante e previsible en textos descritivos ou narrativos breves, sinxelos e ben estruturados, relativos a experiencias e a coñecementos propios da súa idade e do seu nivel escolar. B3.4. Identificar a información esencial, os puntos máis relevantes e detalles</p>	<p>SLEB3.1. Capta o sentido xeral e algúns detalles importantes de textos xornalísticos breves, en calquera soporte e sobre temas xerais ou do seu interese e moi coñecidos, se os números, os nomes, as ilustracións e os títulos constitúen grande parte da mensaxe. SLEB3.2. Identifica, con axuda da imaxe, instrucións xerais breves e sinxelas de funcionamento e manexo de aparellos de uso cotián, así como instrucións claras para a realización de actividades e normas de seguridade básicas. SLEB3.3. Comprende correspondencia persoal sinxela, en calquera formato, na que se fala de si mesmo/a; se describen persoas, obxectos, lugares e actividades; se narran acontecementos presentes, pasados e futuros, e se expresan de xeito sinxelo sentimentos, desexos e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese. SLEB3.4. Entende o esencial de correspondencia formal na que se informa sobre asuntos do seu interese no contexto</p>	<p>SLEB3.1- Capta a maior parte do sentido xeral e algún detalle importante de textos xornalísticos moi breves en calquera soporte e sobre temas xerais ou do seu interese e moi coñecidos, se os números, os nomes, as ilustracións e os títulos constitúen gran parte da mensaxe. SLEB3.2- Identifica, con axuda da imaxe, a maioría das instrucións xerais breves e sinxelas de funcionamento e manexo de aparellos de uso cotián así como instrucións sinxelas para a realización de actividades e normas de seguridade básicas. SLEB3.3- Comprende as ideas xerais e a maioría da información relevante da correspondencia persoal sinxela en calquera formato na que se fala de si mesmo/a; se describen persoas, obxectos, lugares e actividades; se narran acontecementos presentes, pasados e futuros, e se expresan de maneira sinxela sentimentos e desexos, plans e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese. SLEB3.4- Entende con algún problema a idea</p>	<p>Instrumentos de avaliación</p> <p>Probas obxectivas de comprensión escrita.</p>

<p>importantes en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, breves e ben estruturados, escritos nun rexistro formal ou neutro, que traten de asuntos cotiáns, de temas de interese ou relevantes para os propios estudos e as ocupacións, e que conteñan estruturas sinxelas e un léxico de uso común.</p>	<p>persoal ou educativo (por exemplo, sobre unha bolsa para realizar un curso de idiomas). SLEB3.5. Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados sobre temas relativos a asuntos do seu interese, sempre que poida reler as seccións difíciles.</p>	<p>xeral de correspondencia formal na que se informa sobre asuntos do seu interese no contexto persoal ou educativo. SLEB3.5- Entende a maior parte da información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados sobre temas relativos a asuntos do seu interese, sempre que poida reler as seccións difíciles.</p>	
--	--	---	--



Bloque 4: Producción de textos escritos				
Obxectivos	Contidos	Competencias	Actividades	Temporalización
a c d i 1 6	<p>B4.1. Estratexias de produción: – Planificación: – Mobilización e coordinación das propias competencias xerais e comunicativas, co fin de realizar eficazmente a tarefa (reparar o que se sabe sobre o tema, o que se pode ou se quere dicir, etc.). – Localización e uso adecuado de recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, obtención de axuda, etc.). – Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos moi sinxelos de textos escritos, para elaborar os propios textos. – Execución: – Elaboración dun borrador seguindo textos modelo. – Estruturación do contido do texto. – Organización do texto en parágrafos curtos abordando en cada un unha idea principal, conformando entre todos o seu significado ou a idea global. – Expresión da mensaxe con claridade axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto. – Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles. – Recurso aos coñecementos previos (utilizar frases feitas e locucións, do tipo "agora volvo", "botar unha man", etc.). – Revisión: – Identificación de problemas, erros e repeticións. – Atención ás convencións ortográficas e aos signos de puntuación. –</p>	CCL CAA CSC CCE C CD	Creación de textos escritos a partir de modelos analizados previamente. Redacción de textos escritos a partir dun guión, borrador ou esquema. Creación libre ou semilibre de textos escritos. Exercicios guiados de expresión escrita: completar frases ou textos, modificar ou reformular frases, etc.	De xeito continuado ao longo de todo o curso.
	Presentación coidada do texto (marxes, limpeza, tamaño da letra, etc.) – Reescritura definitiva.			

<b>Bloque 4: Producción de textos escritos</b>			
<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Estándares de aprendizaxe</b>	<b>Grao de consecución mínimo esixible</b>	<b>Instrumentos</b>
<p>B4.1. Aplicar estratexias básicas para producir textos (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final), a partir de modelos ben estruturados e traballados previamente. B4.2. Completar documentos básicos nos que se solicite información persoal ou relativa aos seus estudos ou á súa formación. B4.3. Escribir mensaxes sinxelas e breves con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás ou do seu interese. B4.4. Producir textos curtos a partir de modelos sinxelos e básicos, actuando como mediación lingüística, de ser o caso (adequado ao seu nivel escolar), e amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto. B4.5. Escribir, en papel ou en soporte electrónico, textos breves, sinxelos e de</p>	<p>SLEB4.1. Escribe correspondencia persoal breve na que se establece e mantén o contacto social (por exemplo, con amigos/as noutros países); se intercambia información; se describe en termos sinxelos sucesos importantes e experiencias persoais, de dan instrucións e se fan e aceptan ofrecementos e suxestións (por exemplo, cancelación, confirmación ou modificación dunha invitación ou duns plans) e se expresan opinións de xeito sinxelo. SLEB4.2. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal e relativa á súa formación, aos seus intereses ou ás súas afeccións (por exemplo, para subscribirse a unha publicación dixital). SLEB4.3. Escribe notas e mensaxes en diferentes soportes, nos que fai comentarios moi breves ou dá instrucións e indicacións relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá e do seu interese, respectando as</p>	<p>SLEB4.1- Escribe de modo comprensible, aínda que cometa erros, correspondencia persoal breve na que se establece e mantén o contacto social, na que se intercambia información, se describen en termos sinxelos sucesos importantes e experiencias persoais, e se fan e se aceptan ofrecementos e suxestións, e exprésanse opinións de xeito sinxelo. SLEB4.2- Completa correctamente a maior parte dos datos requiridos en cuestionarios sinxelos con información persoal básica e relativa á súa formación, aos seus intereses ou ás súas afeccións. SLEB4.3- Escribe de modo comprensible, aínda que cometa erros, notas e mensaxes onde fai comentarios moi breves ou dá instrucións e indicacións relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá e do seu interese, respectando as convencións e as normas de cortesía máis importantes.</p>	<p>Instrumentos de avaliación de diverso tipo (cartas, mails, narracións...) solicitadas ao longo do curso.</p> <p>Probas de expresión escrita.</p>

<p>estrutura clara sobre temas cotiáns ou do propio interese, nun rexistro formal ou neutro utilizando adecuadamente os recursos básicos de cohesión, as convencións ortográficas básicas e os signos de puntuación máis comúns, cun control razoable de expresións e estruturas sinxelas e un léxico de uso frecuente.</p>	<p>convencións e as normas de cortesía máis importantes. SLEB4.4. Escribe correspondencia formal básica e breve, dirixida a institucións públicas ou privadas ou entidades comerciais, fundamentalmente para solicitar información, respectando as convencións formais e as normas de cortesía básicas deste tipo de textos, cunha presentación limpa e ordenada.</p>	<p>SLEB4.4- Escribe de modo comprensible, aínda que cometa erros, correspondencia formal moi básica e breve, dirixida a institucións públicas ou privadas, ou a entidades comerciais, fundamentalmente para solicitar información, respectando as convencións formais e as normas de cortesía básicas deste tipo de textos, e fai unha presentación do texto limpa e ordenada.</p>	
---	---	--	--

<b>Bloque 5: Coñecemento da lingua, e consciencia intercultural e plurilingüe</b>			
<b>Obxectivos</b>	<b>Contidos temporalizados</b>	<b>Competencias</b>	<b>Actividades</b>
	<p>B5.1. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos: 1º trimestre: – Sons e fonemas vocálicos. – Sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións. 2º trimestre: – Procesos fonolóxicos máis relevantes. 3º trimestre: – Acento fónico dos elementos léxicos illados e na oración. – Os homófonos. B5.2. Patróns gráficos e convencións ortográficas: De xeito continuado durante todo o curso. – Uso das normas básicas de ortografía da palabra. – Utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas.</p> <p>B5.3. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: 1º trimestre: – Recoñecemento e uso de convencións sociais básicas e normas de cortesía propias da súa idade e de rexistros informal e estándar, e da linguaxe non verbal elemental na cultura estranxeira. – Achegamento a algúns aspectos culturais visibles: hábitos, horarios, actividades ou celebracións máis significativas; condicións de vida elementais (vivenda); relacións interpersoais (familiares, de amizade...), comida, lecer, deportes, comportamentos proxémicos básicos, lugares máis habituais, etc.; e a costumes, valores e actitudes moi básicos e máis evidentes sobre aspectos propios da súa idade nos países onde se fala a lingua estranxeira. – Breve historia da Louisiana- A escola do pasado e a de hoxe- Alain Fournier, Le Grand Meaulnes-Internet- As enerxias renovables,</p>	<p>CCL CA A</p> <p>CSC CD CCE C</p>	<p>Lectura en voz alta. Exercicios de identificación, discriminación e clasificación. Exercicios de reprodución. Trabalinguas. Exercicios de ortografía. Recoñecer aspectos socioculturais en distintos tipos de documentos: documentais,</p>

	<p>As emocións e os sentimentos – Os xéneros de libros – O cursus escolar –</p> <p>2º trimestre: – Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o noso. Os fenómenos naturais – Os diferentes tipos de habitats e os animais—Bruxelles- La Martinique. A cidade e o campo.</p> <p>– Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.</p> <p>3º trimestre: – Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o noso. O espectáculo e o teatro. Os instrumentos de música e a canción. Les éoliennes.</p> <p>– Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia. B5.4.</p> <p>Plurilingüismo: De xeito continuado durante todo o curso.</p> <p>– Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada. – Participación en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p> <p>B5.5. Funcións comunicativas: 1º trimestre: – Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais básicas propias da súa idade. – Descrición de calidades físicas e abstractas moi básicas de persoas, animais, lugares e actividades. Debatir un problema e facer hipóteses. — Narración de acontecementos e descrición de estados e situacións presentes, pasadas e futuras. — Preparar un corto expósé. Comprender un anuncio e un texto descritivo. Dramatizar un diálogo. Argumentar un tema. Contar un soño. Presentar un libro. Comprender un texto narrativo. Facer un resumo. Contar unha historia real ou ficticia. Situar os sucesos no tempo.</p> <p>2º trimestre: – Convencer. Escribir un mail para contar. O discurso indirecto. Contar o dixo alguen. Interrogar sobre o ánimo. Contar a evolución dunha situación. Evocar recordos. Expresión da posibilidade. Expresión da intención. Expresión dunha esperanza. Expresar un desexo. Facer un desexo. Protestar.</p> <p>3º trimestre: – Expresión da condición. Expresión da certidume. Pariticipar nunha conversación. Expoñer. Argumentar. Dar a súa opinión. Convencer a alguen.</p>	<p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CSC</p> <p>CCEC</p> <p>CSIE</p> <p>E</p>	<p>folletos, conversas, etc. Busca de información sobre diversos temas culturais. Realización de exposicións sobre aspectos culturais de Francia e outros países francófonos. Producir textos orais e escritos que teñan en conta os factores socioculturais. Exposicións conxuntas cos outros departamentos de linguas para conmemorar por ex. O día da muller traballadora. Jeux de rôle. Lectura e análise de documentos escritos, orais e audiovisuais. Exposicións orais.</p>
--	---	---	--

	<p>B5.6. Léxico oral e escrito básico de uso común relativo a: 1º trimestre: – internet. As enerxías renovables. As emocións e os sentimentos. Os xeneros dos libros. O cursus escolar. 2º trimestre: Os fenómenos naturais. Os diferentes tipos de habitat e os animais. A cidade e o campo. A linguaxe dos textos. As viaxes. O avion e os aeroportos. 3º trimestre: - os espectáculos. O teatro. Os instrumentos de música. A canción. B5.7. Estructuras sintáctico-discursivas propias de cada idioma. 1º trimestre: - Expresión de relacións lóxicas: conxunción (non seulement...mais aussi); disxunción (ou bien); oposición/concesión (cependant); causa (car); finalidade (de façon à, de manière à + Inf.); comparación (le meilleur, le mieux, le pire, aussi + Adj. /Adv. que; (ex: Il n'est pas aussi intelligent que toi); consecuencia (alors, donc); explicativas (ainsi, car). Os conectores lóxicos. O condicional présente Expresión da existencia (presentativos); a entidade (artigos, morfoloxía (prefixos (anti, hyper) e sufixos (-ette, -elle), pronomes persoais, pronomes demostrativos; pronomes persoais OD e OI, "en", "y", proposicións adxectivais (où, dont); a cualidade, a posesión (adxectivos posesivos). Os pronomes persoais dobres. Relacións temporais (puis, finalement, tout de suite, enfin, pendant, pendant que + Indic.). Exclamación (Comment, Quel/Quelle/Quels/Quelles, C'est parti!). Negación (ne...jamais, ne... rien, ne... personne, ne...plus). Os conectores temporais Expresión do aspecto: puntual (frases simples), durativo (en + date), habitual (parfois, jamais), incoativo (futur proche), terminativo (passé récent). O imperfecto . O passé composé. O pluscuamperfecto. Expresión do tempo: presente (verbos irregulares), pasado (passé composé, imparfait), futuro (futur proche, futur simple), condicional (fórmulas de cortesía e consello). 2º trimestre: Os conectores de tempo.: Expresión do tempo: puntual (tout à l'heure, à ce moment-là, au bout de); divisións (semestre, période, au moment où); indicacións de tempo (la semaine dernière, le mois dernier.); duración (encore / ne...plus); anterioridade (déjà, ça fait...que);posterioridade (ensuite,</p>	<p>CSC</p> <p>CCL</p>	<p>Gravación de vídeos. Redacción de diversos tipos de documentos: descrições, relatos, folletos informativos, regulamentos, correspondencia, un programa de viaxe, etc.Elaboración de fichas,glosarios, léxicos temáticos e mapas conceptuais. Xogos memorísticos. Exercicios de léxico: completar frases ou textos, relacionar imaxes con palabras, frases ou textos, etc.Exercicios estruturais: completar frases ou textos, transformar frases, ordenar palabras para</p>
--	---	-----------------------	---

	<p>puis); secuenciación (puis, enfin); simultaneidade (pendant, alors que); frecuencia (toujours, souvent, pas souvent, parfois, jamais).          Expresión da cantidade: (plurais irregulares; números cardinais; números ordinais; artigos partitivos). Adverbios de cantidade e medidas (beaucoup de, quelques, quelques-uns, tout le monde, plein de, plusieurs(s)); o grao. Os indefinidos          O discurso indirecto          Expresión da modalidade: factualidade; capacidade (arriver à faire); posibilidade/probabilidade (il est probable que, probablement); necesidade; obriga/prohibición (c'est à qui de...? c'est à+pron. tonique/nom+ de + Inf., interdit de); permiso; intención/deseño (décider de faire qqch., j'aimerais beaucoup faire qqch.) ; cortesía. O subxuntivo presente. Os verbos impersonais. A voz pasiva          3º trimestre.          O futuro          Expresión do modo: (Adv. de manière en -ment). A hipótesis realizable          O subxuntivo ou o indicativo presente          Os articuladores loxicos. O adxectivo verbal .O xerundivo.          Interrogación (Et alors? À quoi bon...? Quel, quelle, quels, quelles, pronomes interrogativos (ex. lequel, laquelle, etc.), Ah bon? Moi non, Moi non plus).          Expresión do espazo (prépositions et adverbos de lieu, position, distance, mouvement, direction, provenance, destination; pronome " y ").</p>		<p>formar frases, etc.Exercicios de conxugación.Elaboración de esquemas, resumos e mapas conceptuais.</p>
--	---	--	---

 <p>XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL</p>	<p>Centro Público Integrado CASTRO BAXOI</p>  <p>MIÑO</p>	<p><b>CPI CASTRO BAXOI</b> As Marismas 25 — 15630 MIÑO tfno.: 881 880 765 web: <a href="http://www.edu.xunta.gal/centros/cpicastrobaxoi/">http://www.edu.xunta.gal/centros/cpicastrobaxoi/</a> email: <a href="mailto:cpi.castro.baxoi@edu.xunta.gal">cpi.castro.baxoi@edu.xunta.gal</a></p>	 <p>FONDO SOCIAL EUROPEO</p>
--	--	--	---

<b>Bloque 5: Coñecemento da lingua, e consciencia intercultural e plurilingüe</b>			
<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Estándares de aprendizaxe</b>	<b>Grao de consecución mínimo esixible</b>	<b>Instrumentos</b>
<p>B5.1. Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis común, recoñecendo os seus significados evidentes, e pronunciar e entoar de xeito claro e intelixible con razoable comprensibilidade, malia o acento estranxeiro moi evidente ou erros de pronuncia que non</p>	<p>SLEB5.1. Produce léxico e estruturas básicas intelixibles no oral e na escrita, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.), e utiliza con</p>	<p>SLEB5.1- Produce oralmente e por escrito con suficiente intelixibilidade léxico e estruturas traballadas na clase, e esfórzase por utilizar correctamente patróns sonoros,</p>	<p>Instrumentos de avaliación</p> <p>Probas de expresión oral e</p>



<p>interrompan a comunicación, e que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións de cando en vez.</p> <p>B5.2. Recoñecer e utilizar as convencións ortográficas básicas, tipográficas e de puntuación, así como abreviaturas e símbolos de uso común, e os seus significados asociados, con corrección suficiente para o seu nivel escolar.</p> <p>B5.3. Utilizar para a comprensión e a produción de textos orais e escritos os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos á vida cotiá (hábitos de estudo e de traballo, actividades de lecer, incluídas manifestacións artísticas como a música ou o cine), condicións de vida e contorno, relacións interpersoais (entre homes e mulleres, no traballo, no centro docente, nas institucións, etc.), e convencións sociais (costumes e tradicións), respectando as normas de cortesía e máis básicas nos contextos respectivos. B5.4. Producir textos e inferir o significado probable de palabras ou frases que descoñece a partir das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece. B5.5. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais. B5.6. Distinguir e levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, mediante os expoñentes básicos de devanditas funcións e os patróns discursivos de uso máis habitual, así como os seus significados asociados (por exemplo, utilizar unha estrutura interrogativa para facer unha suxestión); utilizar un repertorio léxico suficiente para</p>	<p>eficacia comunicativa patróns básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.</p> <p>SLEB5.2. Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas básicas de tratamento, etc.), e amosa respecto e interese polas diferenzas culturais que poidan existir.</p> <p>SLEB5.3. Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas.</p> <p>SLEB5.4. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p> <p>SLEB5.5. Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade</p>	<p>acentuais, rítmicos e de entoación de palabras e frases moi básicos.</p> <p>SLEB5.2- Utiliza adecuadamente a maioría das convencións orais e escritas propias da lingua estranxeira traballadas na clase, no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento, etc.), e amosa respecto e interese polas diferenzas culturais que poidan existir.</p> <p>SLEB5.3- Nas actividades de aula, pode explicar os puntos principais do proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas.</p> <p>SLEB5.4- Participa activa e eficazmente en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados con elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p> <p>SLEB5.5- Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula utilizando adecuadamente a maior parte das estruturas sintáctico-discursivas e do</p>	<p>escrita.</p> <p>Observación directa na clase.</p> <p>Traballos solicitados durante o curso.</p>
--	--	--	--

 <p>XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL</p>	<p>Centro Público Integrado CASTRO BAXOI</p>  <p>MIÑO</p>	<p><b>CPI CASTRO BAXOI</b> As Marismas 25 — 15630 MIÑO tfno.: 881 880 765 web: <a href="http://www.edu.xunta.gal/centros/cpicastrobaxoi/">http://www.edu.xunta.gal/centros/cpicastrobaxoi/</a> email: <a href="mailto:cpi.castro.baxoi@edu.xunta.gal">cpi.castro.baxoi@edu.xunta.gal</a></p>	 <p>FONDO SOCIAL EUROPEO</p>
--	--	--	---

<p>comunicar no seu nivel escolar, e empregar para comunicarse mecanismos sinxelos bastante axustados ao contexto e á intención comunicativa (repetición léxica, elipse, deíxe persoal, espacial e temporal, xustaposición, e conectores e marcadores discursivos moi frecuentes), sempre que sexan traballados na clase previamente</p>	<p>inmediata da aula (pedir ou dar información, agradecer, desculparse, solicitar algo, invitar, etc.) utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, propios do seu nivel escolar e traballados previamente.</p>	<p>léxico necesarios, propios do seu nivel escolar e traballados previamente na clase.</p>	
--	---	--	--



## 1. REFERENCIAS LEGAIS

**Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro**, para a mellora da calidade educativa

**Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro**, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato.

**Decreto 86/2015, do 25 de xuño**, polo que se establece o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

**Orde do 15 de xullo de 2015** pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta

**Resolución do 27 de xullo de 2015**, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións no curso académico 2015-2016 para a implantación do currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia

**Orde do 13 de xullo de 2016** pola que se amplía a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato e se regula o seu currículo e a súa oferta.

**Resolución do 15 de xullo de 2016**, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para a implantación, no curso académico 2016/17, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

**Instrucións no curso académico 2016/2017** para a implantación do currículo da ESO e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia



**Resolución do 20 de xullo de 2017** pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento, no curso académico 2017/18, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes (próxima publicación no DOGA)

**Resolución do 29 de maio de 2019**, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento, no curso académico 2019/20, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

**Instrucións do 30 de xullo 2020**, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato